

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 18 de marzo de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día dezaioito de marzo do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto . José Luís Mato Rodríguez, Secretario (p.s.), e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

O deputado D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, auséntase ao comezo do punto 11 sendo as once horas e catorce minutos e reincorporase o comezo do punto 13 sendo as once horas e dezaseis minutos, non votando polo tanto nos puntos 11 e 12.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31452.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022.

2.31453.- APROBACIÓN DA I ADDENDA AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE: PONTE CALDELAS, O ROSAL, MONDARIZ, VILA DE CRUCES, BUEU, CRECENTE, PORTAS, A CAÑIZA, CAMPO LAMEIRO, LALÍN, BAIONA, MOAÑA, SANXENXO, PAZOS DE BORBÉN E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE, PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTENIMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (Expte.2022006690)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020, aprobou o “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.*” (Expte. 2020036145), cuxa vixencia se estende ata o 1 de abril de 2022.



Segundo.- Mediante acordo da Xunta de Goberno en data 23 de decembro de 2021 prorrogouse o contrato que rexe a presentación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219) cuxa duración se estende ata o 10 de marzo de 2023, ao concorrer razóns de interese público que esixen a súa continuidade.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022, foi aprobada I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2023, data de finalización da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219).

Cuarto.- Para a formalización da devandita I addenda ao convenio de colaboración as Entidades Locais interesadas deben proceder a súa aprobación.

Quinto.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións da I addenda ao convenio, das seguintes Entidades Locais: Concello de Ponte Caldelas, Concello de O Rosal, Concello de Mondariz, Concello de Vila de Cruces, Concello de Bueu, Concello de Crecente, Concello de Portas, Concello de A Cañiza, Concello de Campo Lameiro, Concello de Lalín, Concello de Baiona, Concello de Moaña, Concello de Sanxenxo, Concello de Pazos de Borbén e a Entidade Local Menor de Bembrive.

Sexto.- A aprobación das I addendas ao convenio xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2020029219.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención Xeral de data 11 de marzo de 2022.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar as presentes I addendas, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a I addenda aos convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as seguintes Entidades Locais: Concello de Ponte Caldelas, Concello de O Rosal, Concello de Mondariz, Concello de Vila de Cruces, Concello de Bueu, Concello de Crecente, Concello de Portas, Concello de A Cañiza, Concello de Campo Lameiro, Concello de Lalín, Concello de Baiona, Concello de Moaña, Concello de Sanxenxo, Concello de Pazos de Borbén e a Entidade Local Menor de Bembrive, para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.



Segundo.- Aprobar as liquidacións, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración, rateadas desde o 1 de abril de 2022 ata o 10 de marzo de 2023, tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

	ENTIDADE LOCAL	POBOACIÓN	PAGAMENTO POR ENTIDADE
38	CONCELLO DE PONTE CALDELAS	5.548	2.356,16 €
39	CONCELLO DE O ROSAL	6.376	2.356,16 €
40	CONCELLO DE MONDARIZ	4.394	1.413,70 €
41	CONCELLO DE VILA DE CRUCES	5.097	2.356,16 €
42	CONCELLO DE BUEU	11.987	3.298,63 €
43	CONCELLO DE CRECENTE	1.961	942,47 €
44	CONCELLO DE PORTAS	2.860	942,47 €
45	CONCELLO DE A CAÑIZA	5.115	2.356,16 €
46	CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	1.769	942,47 €
47	CONCELLO DE LALÍN	20.199	5.183,56 €
48	CONCELLO DE BAIONA	12.286	3.298,63 €
49	CONCELLO DE MOAÑA	4.121	4.241,10 €
50	CONCELLO DE SANXENXO	17.635	4.241,10 €
51	CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN	2.975	942,47 €
52	ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE	-	-

Cuarto.- Facultar á presidenta para a formalización das mencionadas I addendas ao convenio mediante a súa sinatura.



3.31454.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍAS BAIXAS” CORRESPONDENTES AO ANO 2022. (Expte.2022004421)

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxías que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados.

A citada Lei dispón que corresponden ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local o asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece no artigo 36.1 b) que a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios é unha competencia propia das Deputacións provinciais.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “*Info Rías Baixas*” correspondentes ao ano 2022.

O 25 de febreiro de 2022 o Servizo de Turismo emite informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións (CSV: N845Y1GKV8003NKL)



O 28 de febreiro de 2022 emítase informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: D6ISYBP2YU35EFWD)

O 8 de marzo de 2022 Intervención emite informe favorable no que figuran unha serie de observacións (CSV: ZH8F94HPUJQA8751) e certifica a existencia de crédito por importe de 220.000,00 € na aplicación 22/433.4320.462.03, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 202200047378.

Fundamentación xurídica e técnica:

1. Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2022.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.

2. Consideracións xurídicas e técnicas

Conta no expediente informe do Servizo de Turismo no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “*Info Rías Baixas*” correspondentes ao ano 2022, así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente, por importe de 220.000,00 €, na aplicación 22/433.4320.462.03.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Competencia

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.



En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2022 que figuran no expediente co código seguro de verificación (CSV): 8LXYXFVEMN697SLQ.

4.31455.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2022 (Expte.2022003932)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, establece as bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2022, e fiscalizadas as bases polo Servizo de Intervención, así como informe favorable de Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2022”, que figuran co CSV: C7G9089T7MSGQIW4.

5.31456.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURALS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte.2022005019)

A Deputación de Pontevedra, a proposta dos Servizos Lingüísticos, establece as bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, e cos informes favorables de Secretaria e Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, e que figuran con CSV:7BSMD0V489NAQLML.

6.31457.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2022005020)

A Deputación de Pontevedra, a proposta dos Servizos Lingüísticos, establece as bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, e cos informes favorables de Secretaria e Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, e que figuran con CSV: HSS8U03NU6EZRUW.



7.31458.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL PARA O ANO 2022 (Expte.2022004149)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do servizo de Deportes establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior a estatal para o ano 2022, na que se convoca o programa DE\_A/22 “Clubs deportivos de ámbito inferior a estatal” e unha vez fiscalizadas favorablemente ditas bases pola Intervención con data 10 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior a estatal para o ano 2022, e que figuran co CSV: N6MTCFNBEU3HTNWZ

8.31459.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ÁMBITO NÁUTICO NAS MODALIDADES DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA PARA O ANO 2022 (Expte. 2022004156)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do servizo de Deportes establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela para o ano 2022, na que se convoca o programa DE\_C/22 “Clubs deportivos de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela” e unha vez fiscalizadas favorablemente ditas bases pola Intervención con data 10 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela para o ano 2022, e que figuran co CSV: OI6SPZAUHHTHBBLPD.

9.31460.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO RESTAURACIÓN PALCO DE MÚSICA NO PARQUE DA PALMA”. (Expte.2022008287)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.





En data 17/02/2022 por rexistro WEB2022007127, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Baiona* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 72.752,70 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto restauración palco de musica no parque da Palma*”, cun orzamento que importa 72.752,70 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas - €	Fondos propios do Concello-€
2022	72.752,70	72.752,70	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	72.752,70	72.752,70	0,00	0,00

O orzamento de 72.752,70 euros inclúe 64.766,70 euros de execución de obra e 7.986,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así como informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, precisa da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, aportando ao efecto a súa solicitude, por non dispor da mesma no momento de presentar a solicitude da subvención.

#### Fundamentación xurídica

##### I.- Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para



determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- Consideracións xurídicas:

### Instrución do expediente.

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 04/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/03/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 08/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B a cantidade de 72.752,70 euros con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto restauración palco de musica no parque da Palma*” (exp: 2022008287) cun orzamento que importa 72.752,70 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	72.752,70	72.752,70	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	72.752,70	72.752,70	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21<sup>a</sup>.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Baiona*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.31461.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CAÑIZA, NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CAPTACIÓN DE AUGA PARA SUBMINISTRO Ó DEPÓSITO DE PORTO AUGAVELLA NO CONCELLO DE A CAÑIZA”. (Expte. 2022008870)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5<sup>a</sup>.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 18/02/2022 por rexistro WEB2022007422, emendado en data posterior, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de A Cañiza* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 88.398,95 euros, con destino ao financiamento do investimento “*CAPTACION DE AGUA PARA SUMINISTRO AL DEPOSITO DE PORTO AUGAVELLA EN EL CONCELLO DE A CAÑIZA*”, cun orzamento que importa 88.398,95 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2022	88.398,95	88.398,95	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	88.398,95	88.398,95	0,00	0,00



O orzamento de 88.398,95 euros inclúe 80.792,83 euros de execución de obra, 3.872,00 euros de honorarios de redacción de proxecto e 3.734,12 euros de honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre os que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, achegando a autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño Sil e a súa solicitude de prórroga.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



## II.- Consideracións xurídicas

### Instrución do expediente

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.





- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 08/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 08/03/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da



subvención, e do informe da intervención provincial, de data 14/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Cañiza*, CIF: P3600900I a cantidade de 88.398,95 euros con destino ao financiamento do investimento “*Captación de auga para subministro ó depósito de Porto Augavella no Concello de A Cañiza*” (exp: 2022008870) cun orzamento que importa 88.398,95 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	88.398,95	88.398,95	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	88.398,95	88.398,95	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da prórroga da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, presentada polo concello ante dito organismo, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Cañiza*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.31462.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE REIBÓN” (Expte.2022005449)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 01/02/2022 por rexistro WEB2022003651 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Moaña* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 250.567,59 euros, con destino ao financiamento “*Acondicionamento e mellora da accesibilidade e a eficiencia enerxética do pavillón municipal de Reibón*”, cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2022	250.567,59	250.567,59	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	250.567,59	250.567,59	0,00	0,00

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.



**Fundamentación xurídica:****Normativa examinada:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

**Consideracións xurídicas:****Instrución do expediente:**

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

**Petición e evacuación de informes:**

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 25/02/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 03/03/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade dos presentes:

- Conceder ao *Concello de Moaña* CIF P3602600C a cantidade de 250.567,59 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento e mellora da accesibilidade e a eficiencia enerxética do pavillón municipal de Reibón*”, (expediente: 2022005449) cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2022	250.567,59	250.567,59	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	250.567,59	250.567,59	0,00	0,00



- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de Moaña* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.31463.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 2601 MOS-PUXEIROS DENDE O PQ 0+020 ATA O PQ 0+600 (CONCELLO DE MOS)”. (Expte. 2022010580)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.





Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, repártese entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local polo que no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 25/02/2022 por rexistro WEB2022009578 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Mos* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 133.963,62 euros, con destino ao financiamento da achega o convenio, “*MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 2601 MOS- PUXEIROS DENDE O PQ 0+020 ATA O PQ 0+600 (CONCELLO DE MOS)*” suscrito coa Deputación de Pontevedra, cun orzamento de 446.545,39 euros.

A financiación do convenio, establecida na cláusula terceira, e a petición do Concello de financiar a chega municipal con cargo ao Plan Concellos queda configurada tal e como se establece nas seguintes táboas:

Convenio	Aportación	%
Deputación de Pontevedra	312.581,77 €	70
Concello de Mos	133.963,62 €	30
TOTAL	446.545,39 €	100

En consecuencia, a parte da achega municipal con cargo ao Plan Concellos 2022-2023 é a seguinte:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención € a cargo do POS	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas €
2022	446.545,39 €	133.963,62 €	312.581,77 € (Convenio coa Deputación de Pontevedra)

Consta no expediente informe técnico de supervisión favorable do proxecto a executar emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, de data 09/03/2022; se ben a efectividade do convenio non terá lugar ate que se acade a autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, baixo a cal está supeditada a aprobación do proxecto reitor do investimento.

Incorpórase ao expediente informe do Xefe dos servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, de data 09/03/2022, que fai alusión aos servizos de titularidade municipal que se pretenden financiar con cargo ao Plan Concellos 2022.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, precisando que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto técnico, licitación, dirección, execución e recepción das obras. Emporiso, a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase ás normas do instrumento de colaboración que se cofinancia coa achega a cargo do POS 2022-23.



## Fundamentación xurídica:

### 1.- Normativa examinada.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### II.- Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprende a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino ás súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintas de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da Xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Parte dispositiva:

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, de data 09/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/03/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/03/2022 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade dos presentes:

- Conceder ao *Concello de Mos* CIF P3603300I a cantidade de 133.963,62 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao investimento “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 2601 Mos- Puxeiros dende o PQ 0+020 ata o PQ 0+600 (Concello de Mos)*”, do convenio de mobilidade entre Concello e a Deputación, (Exp: 2022010580) cun orzamento polo importe de 446.545,39 euros distribuído segundo a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención € a cargo do POS	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas €
2022	446.545,39 €	133.963,62 €	312.581,77 € (Convenio coa Deputación de Pontevedra)

- Convén lembrar que a concesión da subvención queda supeditada á obtención expresa e positiva da autorización sectorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, circunstancia que o Concello deberá de acreditar en canto sexa concedida, todo isto sen prexuízo de que o Concello deberá posuír todas as autorizacións sectoriais que sexan necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio; non obstante, en virtude do convenio pendente de sinatura entre ambas administracións (Concello de Mos e Deputación de Pontevedra) a redacción do proxecto técnico, licitación, dirección, execución e recepción das obras correspóndelle á Deputación, polo que unha vez concedida a subvención, asinado o convenio, xerárase crédito na aplicación correspondente, aos efectos de que a Deputación poida iniciar a licitación do investimento.



- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas que prescribe o Convenio de Mobilidade que se co-financia, sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Así mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello de MOS deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mos*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

13.31464.- ACEPTACIÓN DA DESISTENCIA DO CONCELLO DE MEAÑO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2020, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE VILAXUEGA” (Expte. 2020029721)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.

A súa vez, a base 17ª das reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar unha modificación dos acordos ou resolucións de concesión sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.5.29258, de 28/08/2020, concedeuse ao Concello de Meaño, no marco do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020 Liña 1 – Investimentos, unha subvención por importe de 116.588,70 euros con destino ao financiamento do investimento “*Ampliación e pavimentación do camiño rural de Vilaxuega*” (Expte.:2020029721), cun orzamento polo mesmo importe.



A concesión da subvención foi publicada no BOPPO núm.218 de data 11/11/2020.

En data 28/02/2022, con rexistro WEB2022010219, o Concello remite escrito explicando o motivo da desistencia á subvención concedida para o investimento mencionado anteriormente. A entidade municipal explica as discrepancias que xurdiron para poder levar a cabo a execución do investimento, tal e como estaba previsto inicialmente, circunstancia que non puido ser tida en conta no momento da concesión da subvención.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/2017, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases de execución do vixente Orzamento Provincial.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión de axudas é do de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.





Procedencia da autorización:

- Base 17ª das reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, que nos termos que se recollen no RLXS e na Ordenanza de subvencións da Deputación, dispón que unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada ou a modificación do contido sen variar a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada.
- Artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar ós seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento, agás que, acudíndose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 04/03/2022, que conclúe favorablemente a desistencia, e do informe favorable da intervención provincial, de data 11/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a desistencia do *Concello de Meaño*, CIF:P3602700A, da actuación “*Ampliación e pavimentación do camiño rural de Vilaxuega*” (Expte.:2020029721) con unha subvención por importe de 116.588,70 euros, concedida no marco de Plan Concellos 2020, cun orzamento polo mesmo importe.
- Declarar concluso o expediente e proceder ó seu arquivo.
- A desistencia xera crédito nas partidas 2022/942.9425.762.45.2020 para novos investimentos.
- Darlle traslado do presente acordo ó *Concello de Meaño*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



14.31465.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE MEAÑO NO PLAN CONCELLOS 2020 LIÑA 1- INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA E AMPLIACIÓN VIAL EN ABUÍN-DENA” (Expte.2022009071)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.

Este Plan aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado con vinte nove millóns setecentos mil euros (29.700.00,00 euros) para a Liña 1. Investimentos en obras e servizos de competencia municipal, na aplicación orzamentaria 20/942.9425.762.45 da Deputación para este exercicio.

Estas cantidades repártense entre os concellos en base ao grupo ao que pertenzan, en proporción á poboación, superficie, aos núcleos de poboación e a densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos, segundo as porcentaxes indicadas nas Bases para cada grupo de concellos.

Mediante Resolución Presidencial de 03/01/2020, núm. 2020000208 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

Para a Liña 1 da subvención cada concello destinará unha porcentaxe mínima sobre a contía asignada no 2020, sendo esta a do 70,38%.

Segundo a Base Oitava do Plan Concellos 2020, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (planeamento urbanístico e estudos de planificación estratéxica) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 LBRL.



Han de ser investimentos nos que o *Concello* teña a propiedade do ben, das instalacións ou dos terreos ou sexa o cesionario destes. A cesión terá que ser, como mínimo, por cinco anos e deberá cubrir, cando menos, o 75 % da vida útil do investimento.

Se os proxectos para a súa realización precisasen autorizacións da Deputación ou doutras administracións públicas, o *Concello* deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou xuntando os correspondentes documentos. Neste caso a subvención é condicionada.

Os investimentos han de ter un orzamento igual ou superior a vinte mil (20.000,00 euros), incluído o IVE. No caso das subministracións, que deberán ter un carácter singular e natureza inventariable, o importe de cada expediente de solicitude será como mínimo de 5.000,00 euros. O orzamento pode agrupar conceptos subvencionables de distinta natureza.

É subvencionable a compra de bens ou equipamentos relacionados coa prestación de servizos municipais. O resto das subministracións que non constitúan un investimento por si mesmas e que supoñan a mellora, a construción ou a creación dun ben novo deberán integrarse nun proxecto de investimento. Todas as partidas dos orzamentos deberán ser subvencionables.

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.6.29259, concedeuse ao *Concello de Meaño*, unha subvención por importe de 240.746,95 euros con destino ao financiamento do investimento “*Ampliación e pavimentación do camiño de Abuín*” (Expte.:2020029711), cun orzamento polo mesmo importe.

En data 24/02/2022, con rexistro WEB2022008994, o *Concello de Meaño* solicita a desistencia da subvención concedida no parágrafo anterior motivando que non pode executar o investimento tal e como estaba previsto inicialmente, xunto coa necesidade de ter un gasto de maior prioridade e non contar con crédito suficiente para levalo a cabo.

No rexistro anterior, a entidade municipal remite a documentación para a realización do investimento “*Mellora e ampliación vial en Abuín-Dena*” (Expte.:2022009071) e solicita que parte do crédito da desistencia do investimento “*Ampliación e pavimentación do camiño de Abuín*” (Expte.:2020029711), en concreto 183.587,25 euros, se destine ao financiamento dese investimento, cun orzamento polo mesmo importe.

Consta na documentación remitida os acordos de cesión indefinida polos propietarios das parcelas afectadas por la execución do investimento.

No informe do arquitecto municipal consta que é necesario a autorización de Augas de Galicia que foi solicitada polo *Concello*, motivo polo que o *Concello* remite declaración responsable na que se compromete a remitir a aprobación do proxecto xunto coa primeira xustificación.



Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.11.31388, do 04/03/2022, aprobouse a desistencia do investimento “*Ampliación e pavimentación do camiño de Abuín*” (Expte.:2020029711), deixando crédito na correspondente aplicación orzamentaria crédito por importe de 240.746,95 euros.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.



- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigos 17 e ss. da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión mediante concorrencia.
- Bases reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2020 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base reguladora 5ª e 6ª do Plan Concellos 2020, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2020 que recollen a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, que dispón que “na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia”.

#### Procedencia económica da subvención:

- A importancia das subvencións para os entes locais, como instrumento basilar ao gallo de poder levar a cabo o exercicio efectivo das competencias asumidas e atribuídas segundo o ordenamento xurídico, ben a ser destacado no propio Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981, de 6 de abril), artigo 49. E é unha técnica administrativa de fomento, é dicir, unha forma de actividade á que pode acudir calquera Administración Pública.
- Ase mesmo, a Carta Europea (Estrasburgo 15/10/1985), artigo 9, recolle as subvencións para facer efectivos os principios de suficiencia e autonomía financeira. Polo que se refire ao primeiro, sinala o dereito destas entidades a ter recursos propios suficientes que, ademais, han de ser proporcionais ás competencias previstas pola Constitución ou pola lei. Plasma, ademais, un



principio de autonomía financeira que se manifesta tanto na vertente dos gastos como dos ingresos, e consagra o carácter predominante non finalista das subvencións que perciban doutras administracións. Circunstancia esencial e que xa se amosou cando o propio concello presentou a solicitude da subvención ao acubillo do Plan concellos 2020 por canto é o xeito de que exercite a súa autonomía. E a autonomía non se logra sen a suficiencia económica, Sentenzas do Tribunal Constitucional de 179/1985, de 19 de decembro e 111/2016, de 9 de xuño.

- O artigo 1 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, combina os mesmos principios en atención eficiencia e estabilidade financeira atados ao principio de máxima proximidade da xestión á cidadanía, lexitimando a actividade pública local cando o eido municipal é o máis acaído para a prestación.
- Por último, é cometido da Deputación Provincial, artigo 36.1.2 da LBRL 7/1985, asegurar o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e a maior eficacia e economía na prestación destes. Trátase de acadar o correcto equilibrio entre a autonomía local, a participación dos entes municipais nos asuntos que lle afecten directamente, a satisfacción uniforme dos cidadáns no acceso aos servizos públicos de xeito equitativo, xunto co respecto aos principios de descentralización, proximidade, eficacia, e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Velaí a importancia da subvención vertebrada no Plan Concellos, pois así se cumpre o dereito fundamental da igualdade con independencia do concello no que se resida, art. 36 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, co acceso aos servizos de interese económico xeral.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 23/02/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de 08/03/2022, data que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 10/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Meaño*, CIF.:P3602700A a cantidade de 183.587,25 euros con destino ao financiamento do investimento “*Mellora e ampliación vial en Abuín-Dena*” (Expte.:2022009071), cun orzamento polo mesmo importe. Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada ó ditame favorable da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Augas de Galicia), sendo imprescindible que se remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, antes do inicio do trámite da xustificación da axuda económica. Ademais, o Concello deberá remitir o acordo de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado previo (anexo II).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2020, aprobadas polo acordo plenario 29/11/2019 e publicadas no BOPPO núm.1 de 02/01/2020 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. Xunto coa documentación xustificativa, o Concello deberá acreditar, a dación de conta ao Pleno da axuda outorgada pola Deputación.
- Asemade, conforme o acordo núm.7.7705 do Pleno Provincial que aproba a prórroga do Plan Concellos 2020, o investimento deberá estar executado na súa totalidade en data 31/07/2022 e xustificado, na súa totalidade, a 31/08/2022. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Meaño*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.31466.- PROCEDIMENTO DE VALIDACIÓN DO GASTO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A CONSTRUCCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CENTRO SOCIAL OS CAMPOS”. (Expte.2019055066)

De acordo co Protocolo de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra, asinado o 18/11/2015, ambas administracións consideraron de mutuo interese colaborar e impulsar a mellora dos equipamentos sociais e culturais municipais co fin de promocionar a cultura e a ocupación do tempo libre.

Mediante acordo do Pleno núm. 7.7233 de 28/12/2018, aprobouse o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO SOCIAL EN OS CAMPOS ”, asinándose nesa mesma data e sendo publicado no BOPPO con núm. 13 de 18/01/2019, cun orzamento de 543.326,63 euros, para o que se concedeu unha subvención polo importe de 488.993,97 euros, imputables contra as aplicacións 2018/942.9420.762.14 e 2019/942.9420.762.14 do orzamento provincial.

O Concello de Pontevedra, con carácter previo á licitación, aprobou un novo proxecto en tempo e forma, si ben incumprindo a obriga de comunicación formal á Deputación de Pontevedra.

O Concello licitou por importe de 536.423,53 euros, asinando en data 15/01/2020 o contrato coa empresa adjudicataria por importe de 471.248,08 euros (IVE incluído).



En fase xustificativa o Concello presentou en prazo e forma, as correspondentes certificacións de obra polo importe de 513.029,73 € subvencionando a Deputación o 90% do custo total do investimento conforme ó convenio.

SUBVENCIÓN	Nº CERTF.	IMPORTE XUSTIFICADO	IMPORTE A LIBRAR
488.993,97 €	1	18.694,96 €	16.825,46 €
	2	12.362,56 €	11.126,30 €
	3	30.995,86 €	27.896,27 €
	4	15.229,77 €	13.706,79 €
	5	25.678,72 €	23.110,85 €
	6	30.435,05 €	27.391,55 €
	7	27.058,46 €	24.352,61 €
	8	43.807,71 €	39.426,94 €
	9	96.213,51 €	86.592,16 €
	10	170.771,47 €	153.694,32 €
	11 Final	41.781,66 €	37.603,49 €
TOTAL		513.029,73 €	461.726,76 €
TOTAL A PAGAR		461.726,76 €	

Os facultativos técnicos do servizo de Cooperación xiraron visita de comprobación das obras de “CONSTRUCCIÓN DO CENTRO SOCIAL EN OS CAMPOS” o 05/01/2022 a fin de comprobar materialmente a execución do investimento, prestando conformidade ás certificacións núms. 1 a 11 e final achegadas, emitindo informe xustificativo en data 10/01/2022.

En data 08/03/2022, previo requirimento da Intervención Provincial, os facultativos técnicos emiten informe aclaratorio das actuacións desenvolvidas no marco do convenio, deixando constancia de que as obras e a documentación adáptanse técnica e formalmente ao mesmo.

Revisada a documentación xustificativa polo Servizo de Cooperación, compróbase a súa conformidade, de acordo coas cláusulas recollidas no convenio que rexe a súa execución.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).





- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do Orzamento Provincial para o ano 2022
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a construción do “Centro Social en Os Campos”

#### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Cláusula 3ª do Convenio, relativa á súa execución, onde se detallan as diferentes accións a desenvolver para a correcta xustificación dos investimentos.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das bases de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Procedencia do pagamento:

- Artigo 52 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) relativo á validación dos actos anulables.
- Artigos 32 da LXS e 84.1 do RLXS que sinalan que o órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que se determine no acordo ou resolución de concesión, e con atención ó método contemplado nas bases reguladoras, a cuxo fin se revisará formal e materialmente a documentación que obrigatoriamente deberá achegar o beneficiario.
- Artigos 34.3 LXS e 88 do RLXS que dispoñen que o pagamento da subvención realizarase previa xustificación, por parte do beneficiario, do gasto efectuado e na parte proporcional á contía xustificada da realización da actividade para a que se outorgou a subvención e nos termos establecidos nas bases reguladoras (convenio) da subvención.



- Artigos 185 e 186 do TRLRFL que regulan as competencias en materia de xestión de gasto e ordenamento do pago.
- Artigos 24 e ss. da Ordenanza Xeral, que regulan os procedementos de comprobación e o pagamento das subvencións por parte dos centros xestores e a intervención provincial.
- Cláusula 3ª do Convenio, que contempla a necesaria documentación para a xustificación dos investimentos.

#### Conclusións:

Visto que o novo proxecto aprobado polo Concello en tempo e forma non introduce variacións substanciais respecto do proxecto orixinal.

Visto que o Concello de Pontevedra presentou, en prazo e forma, as correspondentes certificacións de obra e demais documentación acreditativa do gasto; que se comprobou a conformidade da xustificación presentada, material e formalmente, co alcance que establece o artigo 84 do RLXS.

Vistos os antecedentes e a motivación legal exposta, e previo trámite da Intervención, en virtude do artigo 52 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables, informo favorablemente a validación do gasto polo incumprimento por parte do Concello de Pontevedra da súa obriga de comunicar formalmente á Deputación de Pontevedra a aprobación dun novo proxecto e propono que se acorde, o recoñecemento da obriga e o ordenamento do pagamento a favor do *Concello de Pontevedra*, CIF: P3603800H, do importe de 461.726,76 € contra as aplicacións 2022/942.9420.762.14.2018 e 2022/942.9420.762.14.2019 na que se autorizou e comprometeu o gasto.

#### Réxime competencial:

En virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 10/01/2022 e 08/03/2022 respectivamente, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/03/2022, que conclúe favorablemente a validación do gasto, e do informe da Intervención provincial, de data 15/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Validar o gasto do *“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A CONSTRUCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO “CENTRO SOCIAL EN OS CAMPOS”* polo incumprimento por parte do Concello de Pontevedra da súa obriga de comunicar formalmente á Deputación de Pontevedra a aprobación dun novo proxecto.



- Recoñecer a obriga e ordenar o pagamento ao k CIF: P3603800H, da cantidade de catrocentos sesenta e un mil euros setecentos vinte seis con setenta e seis céntimos (461.726,76 €) respecto do orzamento que serviu de referencia para a concesión da subvención. O pagamento realizarase contra a aplicación 2022/942.9420.762.14.2018 e 2022/942.9420.762.14.2019 na que se autorizou e comprometeu o gasto.
- Darlle traslado do presente acordo ó *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

16.31467.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III-LOTE 2 (ZONA CENTRO)” (EXPTTE “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III-LOTE 2 (ZONA CENTRO )” (Expte.2020019248)

Resultando.- Que Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/05/2020, acordou aprobar entre outros, o proxecto de execución da obra “*Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro*”, cun orzamento base de licitación de 928.233,39 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/03/2021 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o contrato obra “*Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro*”, por un importe de 810.162,11 € IVE Incluído e un prazo de execución de doce (12) meses.

Resultando.- Que na mesma sesión a Xunta de Goberno acordou adxudicar á empresa Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L., o contrato derivado do acordo marco que rexerá a prestación de seguridade e saúde na obra por un importe de 8.893,50 € IVE incluído.

Resultando.- Que con data 22/04/2021 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 22/05/2022.

Resultando.- Mediante informe emitido polo Director de obra na data 01/12/2021 solicítase a autorización de redacción do proxecto modificado da obra “*Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro*”.

Resultando.- Que recolle a directora de obra no citado informe que o obxecto do proxecto aprobado é mellorar a seguridade viaria implantando elementos e as medidas necesarias para permitir o uso compartido do vieiro, entre peóns e vehículos, promovendo os movementos entres os núcleos dun xeito peonil e ciclista, garantindo unhas axeitadas condicións de seguridade.



Resultando.- Que o director de obra recolle na súa solicitude de redacción deste proxecto modificado, que con motivo do desfasamento no tempo transcorrido entre o estudo do proxecto e a implantación dos traballos para a execución das actuacións proxectadas, existen una serie de necesidades de cambios imprevistos motivados polo deterioro do pavimento do vial, trocos de necesidades de redución da velocidade no tramo en cuestión, e intervención doutras obras no lugar da implantación dos reductores de velocidade e pasos de peóns sobreelevados.

Concretamente propón as seguintes modificacións:

- Adaptación do proxecto á realidade da zona e ás necesidades no momento de execución dos traballos.
- Resolución de problemas nas capas de firme existente nos puntos onde é necesario implantar o reductor físico de velocidade.
- Incorporación de actuacións debido a erros de transcripción da documentación a estudo do proxecto no reflexo do mesmo.
- Modificación da actuación por mor doutros proxectos.
- Redistribución da sinalización viaria debido ao solapamento das actuacións entre elas e o solapamento coa sinalización da mesma estrada.
- Variación do número de actuacións con puntos luminosos
- Necesidade de dispoñer dun novo colector de pluviais na traza da EP 1011 no ámbito da actuación.

Resultando.- Que engade o director de obra que tras realizar un estudo pormenorizado dos condicionantes existentes a día de hoxe, xurde a necesidade de modificar ou ampliar as actuacións, tendo por resultado un total de 186 actuacións definitivas.

Resultando.- Que por último, xustifica a modificación segundo o recollido no artigo 205.2.c) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, pois considera que estas modificación non son substanciais, estimando o valor da modificación nun 14,71 % con respecto o proxecto inicial, non introducindo no proxecto modificado unidades de obra novas.. A iso engádelle que o proxecto modificado non require dunha clasificación do contratista diferente á que se exixiu no procedemento de licitación, polo que a modificación proposta non introduce condicións que, de haber figurado no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou houberan atraído a mais participantes no procedemento de contratación, e que o proxecto



modificado solicitado non altera o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial, debido a que non se introducen unidades de obra novas.

Resultando.- Que con data 14/12/2021 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...A subsección 4ª, da sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, nos seus artigos 203 e seguintes regula as modificacións dous contratos. Esta regulación está baseada no principio de igualdade de trato entre vos licitadores, impondo que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores. Corolario do devandito principio contéplase unicamente dúas posibilidades para poder realizar a modificación do contrato: 1. que estean previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación. 2. Ou, en caso contrario, que se dean algunha das circunstancias do artigo 205 LCSP e que a modificación non afecte a ningunha condición esencial/substancial da licitación. Na licitación non se contemplou ningunha circunstancia de modificación do contrato, co cal queda descartada dita posibilidade. A segunda posibilidade para modificar o contrato é unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, e require que se adecue a algunhas das circunstancias previstas no artigo 205 Lcsp. O director de obra recolle no seu informe que o valor da modificación non supón unha alteración na contía do contrato que exceda o 15% do prezo inicial do proxecto, xa que a valoración económica estimada do modificado non supón incremento do importe do proxecto inicial. O modificado non require dunha clasificación do contratista diferente á que se exixiu no procedemento de licitación orixinal. O modificado non altera o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial, sen existir a necesidade de introducir unidades de obra novas para executar as modificacións plantexadas. Non se aprecia polo exposto polo director de obra no seu informe, que se vaian a incluír unidades non contempladas no proxecto inicial. Tendo en consideración a limitación do coñecemento técnico en enxeñería civil e das cuestións técnicas na obra e no proxecto, nos apoiamos nestas conclusións na competencia e afirmacións do director de obra, que parecen razóns fundadas que se realice un proxecto independente de maior entidade, co fin de procurar unha maior seguridade viaria e funcionabilidade no vial. Con respecto á necesidade de acometer novas actuacións de mellora do firme deberá determinarse de forma máis clara na memoria do proxecto a que estradas esta destinadas, sendo rechamante que a previsión do importe do modificado sexa a 0, coincidindo o importe das novas necesidades co importe exacto das deixadas de acometer. Polo exposto, non vemos inconvincente a unha posible autorización de redacción do proxecto modificado...”

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/01/2022 acordou autorizar a redacción da modificación do proxecto da obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro”.

Resultando.- Que con data 08/02/2022 Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu informe, o que xunta proxecto modificado da obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro, por importe de 1.064.731,73 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: WT5R5IVTDJJ06M8K.



Resultando.- Que no citado informe recóllese que o proxecto modificado no altera as condicións de licitación e adxudicación xa que o valor da modificación non supón unha alteración da contía do contrato que exceda o 15% do prezo inicial do proxecto, pois cuantitativamente a diferenza da valoración económica do proxecto inicial con respecto ó modificado é de 98.459,30 € IVE excluído, o que supón porcentualmente unha diferenza do 14,71% do prezo inicial.

Recolle tamén que o proxecto modificado non require dunha clasificación do contratista diferente á que se exixiu no procedemento de licitación, non altera o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira non prevista no contrato inicial, que non introduce unidades novas non prevista no proxecto inicial, e que o proxecto modificado introduce as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva de execución do proxecto inicial.

Resultando.- Que consta no expediente a conformidade expresa do contratista respecto da modificación do proxecto proposta.

Resultando.- Que segundo se desprende do informe emitido polo Director de obra, o prazo de execución non variaría, non proponendo un incremento de prazo, respecto da data de remate das obras, tendo un prazo de execución de 12 meses a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo, debendo dar remate ás obras o día 21 de abril de 2022.

Resultando.-Que con data 23 de febreiro de 2022 emítase pola secretaría xeral informe onde se manifesta a conformidade coa proposta de modificación do contrato.

Resultando.- Que polo servizo de intervención, con data 7 de marzo de 2022, informar favorablemente o expediente sinalando que deberá constituírse garantía complementaria correspondente.

Considerando.- Que o órgano de Contratación ostenta, de acordo co previsto no artigo 190 da LCSP, a prerrogativa de modificar os contratos celebrados por razóns de interese público, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento.

A devandita prerrogativa supón unha excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes, que rexe nos contratos sinalagmáticos, xa que outorga á Administración a posibilidade de modificar unilateralmente o contrato, impondo dita modificación á empresa contratista.

Considerando.- Que é claro o carácter restritivo co que a lexislación de contratos contempla as modificacións dos contratos adxudicados, que, como excepción á regra “pacta sunt servanda”, soamente xustificanse por razóns de interese público (JCCA 23/2011, 28-10-11). Dito interese



público debe ser claro, patente e indubitado (CEst Dict 42179/1979, 17-5-79), e xustificado polo órgano de contratación no expediente que tramite a tal fin (CEst Dict 55586/1990, 10-1-91; 3062/1998, 10-9-98).

Considerando.- Que o papel do TXUE foi fundamental para determinar como e con que condicións son conformes ás regras da contratación pública as modificacións das condicións dun contrato. Convén recordar a principal doutrina e as súas prácticas. Podemos afirmar como “leading case” a Sentenza de 29 de abril de 2004 (Succhi di frutta)F26F, onde o Tribunal de Xustiza, aborda en profundidade os límites e requisitos da modificación dun contrato público ó analizar a obriga dos poderes adjudicadores de cumprir cos documentos do contrato: “O principio de igualdade de trato entre os licitadores (...) impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ó formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores...”

O que se pretende coa doutrina desta sentenza, en palabras do propio Tribunal é que: “todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións, co fin de que, por unha parte, todos os licitadores razoablemente e normalmente dilixentes podan comprender o seu alcance exacto e interpretalos da mesma forma e , por outra banda, a entidade adjudicadora poida comprobar efectivamente que as ofertas presentadas polos licitadores responden ós criterios aplicables ó contrato se que se trata”

Considerando.- Que o principio de igualdade de trato dos licitadores, que ten o obxecto de favorecer o desenvolvemento de unha competencia sana e efectiva entre as empresas que participen nunha licitación pública, exige que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades de formulación dos termos das súas ofertas e implica pois que estas se sometan ás mesmas condicións para todos os competidores (sentenza do Tribunal de Xustiza de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110).

Considerando.- Que o profesor Gimeno Feliu no estudo da “modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable” afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser elo así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico recollido polo artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ó arbitrio dunha das partes.

En los contratos de obras deben concurrir razones técnicas imprevisibles en el proxecto orixinario y no simplemente defectos o meras imprevisións en el proxecto (CEst Dict 50668/1987, 17-6-87; 79/1993, 1-4-93).



Considerando.- Que a Administración ten o *ius variandi*, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas.

Considerando.- Que a modificación acórdase polo órgano de contratación e é obrigatorio para o contratista. As modificacións non poden ser utilizadas como modo de alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que se lesione os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrència. Só pode modificarse o contrato:

a) Ben cando así se previu nos pregos. Limitase a previsión de modificación aos pregos tratándose de contratos administrativos (LCSP art.203.2.a), suprimindo a referencia ao anuncio de licitación.

b) Ben nos casos e cos límites establecidos na LCSP, sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias.

Considerando.- Que en particular non cabe a modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Considerando.- Que no prego de condicións administrativas que rexe o contrato non se contemplou circunstancias previas que permitisen realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas que se recollen nos artigos 205 e seguintes.

Considerando.- Que do informe emitido polo director de obra non se desprende que se queiran engadir prestacións complementarias ás existentes no proxecto.

Considerando.- Que coa prerrogativa de modificación non se pode crear un contrato novo distinto do contrato primitivo, senón simplemente introducir alteracións ou variacións no proxecto orixinario, pois noutro caso estaríanse a burlar os principios de publicidade e concorrència (CEst Dict 50641/1987, 12-11-87; 51698/1988, 25-2-88; 4350/1997, 6-11-97).

Considerando.- Que en canto ó interese público da modificación, o carácter restritivo con que a lexislación de contratos contempla as modificacións de contratos adjudicados como excepción á regra *pacta sunt servanda*, soamente xustifícase por razóns de interese público (JCCA 23/2011, 28-10-11).





O interese público ha de ser claro, patente e indubitado ( CEst Dict 42179/1979, 17-5-79), e xustificado polo órgano de contratación no expediente tramitado a tal fin ( CEst Dict 55586/1990, 10-1-91; 3062/1998, 10-9-98).

A facultade de modificación so pode exercitarse cando la aparición de novas necesidades materiais, non contempladas antes da perfección do contrato, o faga indispensable para o mellor servizo do interese público (CEst Dict 41914/1979, 24-5-79).

O interese publico perseguido é a na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia

Considerando.- Que o director de obra sinala que as modificacións propostas son “as estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fan necesarias” para cumprir cos obxectivos do interese publico previsto.

Considerando.- Que sinala o director de obra que a cantidade estimada do modificado non vai a exceder do 15%, xa que a valoración económica estimada do modificado non supón incremento do importe do proxecto inicial, nin se require unha clasificación do contratista diferente á que esixiuse no pocedemento de licitación inicial; Tamén afirma que o modificado non alterará o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista.

Considerando.- Que para a redacción do modificado haberá que ter en conta o previsto nos artigos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se transcriben de seguido:

Artigo 102: “...Cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactarase a oportuna proposta integrada polos documentos que xustifique, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a previa audiencia ó contratista e a fiscalización do gasto correspondente...”

Artigo 158: “...Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, a proposta do director da obra sobre os novos prezos a fixar basearase en canto resulte de aplicación, nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación...”

O artigo 160 do mesmo texto legal recolle que cando existan variacións sobre as unidades previstas no contrato, sexan diminucións ou excesos de medicións, as mesmas deberán contemplarse no caso que se redacte proxecto modificado.



Artigo 162.2: “Cando sexa necesaria a execución de unidades novas non previstas no proxecto, o directo de obra elevará ó órgano de contratación as propostas de prezos novos e a repercusión sobre o prazo de execución do contrato. A conformidade por parte do contratista dos novos prezos e a valoración do prazo total da obra será condición necesaria para poder comezar os traballos correspondentes ás unidades novas...”

Artigo 141.2: “...Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, esta tramitarase con arranxo ás normas xerais da Lei e deste Regulamento acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso á iniciación dos traballos naquelas partes afectadas polas modificacións previstas no proxecto.

Artigo 234.3: “...Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións: a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma. b) Audiencia do contratista e redactor do proxecto por prazo mínimo de tres días...”

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada na data 18/12/2020 acordou adxudicar o acordo marco convocado para regular a prestación do “Servizo de Seguridade e Saúde nas obras da Deputación de Pontevedra”

Considerando.- Que o acordo da Xunta de Goberno 11.29773 de data 18/12/2020 polo que se adxudica o acordo marco convocado para regular a prestación do “Servizo de Seguridade e Saúde nas obras da Deputación de Pontevedra, recolle o seguinte: “...Os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto modificado da obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro”, por importe de 1.064.731,73 € IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código CSV: WT5R5IVTDJJ06M8K.
2. Modificar o contrato de obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro”, establecendo o seu importe unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, na contía de 929.297,86 € IVE incluído.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. deberá constituír na Tesourería da Deputación garantía complementaria por importe de 4.922,97 €, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte á notificación deste acordo, quedando condicionada a formalización do contrato, a que se constituía a citada garantía.



4. O contratista deberá proceder á formalización da modificación do contrato, no prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación deste acordo. A formalización do contrato quedará supeditada á previa constitución da garantía complementaria anteriormente referida.
5. O prazo de execución de todas as unidades de obra recollidas no proxecto modificado será de doce (12) meses a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo, debendo de estar rematada a obra na data 21/04/2022

17.31468.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE WORKSHOPS CON ACTORES DO ÁMBITO TURÍSTICO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (Expte. 2021061290)

Por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de decembro de 2021 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, dunha “*Asistencia Técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27 de decembro de 2021. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra (Vortal).

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de xaneiro de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- Castro Consulting Business Strategy, S.L. (B 98640048)
- UTE ABRAMAR-EOSA.

Na mesma reunión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes ós criterios de valoración técnica presentados polas empresas admitidas ó referido procedemento aberto e acorda trasladar a documentación ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas, ao obxecto de que as avalíen e ponderen seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 10 de febreiro de 2022 persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas, emite informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitantes (CSV G9U5KV2M88KDEWBF).



As puntuacións foron aprobadas pola Mesa de Contratación na súa reunión do día 17 de febreiro de 2022.

Seguidamente, a Mesa procedeu á apertura dos Sobres “C” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados pola empresa que concorre neste procedemento aberto e que ten acadado un mínimo do 50% da puntuación máxima asinable nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, sendo os valores ofertados seguintes:

#### UTE ABRAMAR - EOSA

1.- Prezo ofertado (sen IVA) para a execución de 2 workshop ó ano:

CONCEPTO	UNIDADES	PRECIO UNITARIO (SIN IVA)	Precio unitario (sin IVA)	TOTAL
Gestión y coordinación	2	9248,76	8322,084	18.644,17 €
Sinalizadores de empresa reutilizable	50	156	140,4	7.020,00 €
Rotulación accesos a sede	4	200	180	720,00 €
Photocall	2	512	460,8	921,60 €
Letras en volumen	2	668	601,2	1.202,40 €
Acreditaciones personalizables+handyards	300	3,1	2,79	837,00 €
Lista de empresas/ficha de participacion en sorteo/Uma/Tarjetas de premio	2	56,65	50,085	100,17 €
Modulo de tarima 2x1 con patas regulables en altura (20,40 60 100 Cm)	24	30	27	648,00 €
Tarima de escenario modular m2	24	24	21,6	518,40 €
Moqueta ferial m2	20	6	5,4	108,00 €
TV plasma 65"	4	296	266,4	1.065,60 €
Mesa control digital 64 CH entrada y 64 CH salida, 24 buses	2	470	423	846,00 €
Caja digital 32/24	2	220	198	396,00 €
Caja auto amplificada 1000W mínimo 12"	2	50	45	90,00 €
Caja de son dispersión lineal 22,5- 60 grados 1200W	2	50	45	90,00 €
Amplificador digital 4 X 1800W 4OHM AES	2	75	67,5	135,00 €
Micrófono inalámbrico digital	4	45	40,5	162,00 €
Micrófono de cable necesarios para amplificación instrumental	10	25	22,5	225,00 €
Distribuidor de prensa 24ch con ganancias independientes	2	50	45	90,00 €
Ordenador portátil mínimo 17 pulgadas	2	100	90	180,00 €
Servicio de restauración	300	50	45	13.500,00 €
Actuación musical o similar	2	2450	2205	4.410,00 €
Presentador o presentadora	2	2450	2205	4.410,00 €
Alquiler de sala	2	1113	1001,7	2.003,40 €
Costes de la gestión de los asistentes del destino Rías Baixas	50	696	626,4	31.320,00 €
<b>PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (sin IVA)</b>				<b>87.642,74 €</b>
<b>IVA (21%)</b>				<b>15.589,97 €</b>
<b>IVA (10%)</b>				<b>1.350,00 €</b>
<b>PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (con IVA)</b>				<b>104.562,71 €</b>



## 2.- Experiencia do xefe/a de proxecto en workshops ofertada superior á mínima esixida nos pregos.

Número de traballos (workshops independentemente da temática – excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de elas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	42
--	----

Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	116
---	-----

## 3.-Experiencia do/a xestor/a do proxecto superior á mínima establecida nos pregos ofertada.

Número de traballos (workshops independentemente da temática – excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	21
---	----

Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	108
--	-----



As puntuacións acadadas, unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados nos sobres “B” e “C” de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas son as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	EMPRESAS LICITANTES	
	UTE ABRAMAR - EOSA	Castro Consulting Business Strategy, S.L. (CIF: B 98640048)
<b>1. Proposta de selección de cidades. Ata un máx. de 21 ptos</b>	<b>21</b>	<b>8</b>
Fundamentación da selección. <i>Ata 8 ptos</i>	8	4
Aspectos positivos e negativos de cada unha das cidades propostas. <i>Ata 5 ptos</i>	5	3
Xustificación da elección e localización. <i>Ata 4 ptos</i>	4	0
Proposta xustificada de datas e horarios. <i>Ata 4 ptos</i>	4	1
<b>2. Desenvolvemento do workshop. Ata un máx. de 28 ptos.</b>	<b>28</b>	<b>14</b>
Detalle de tarefas a desenvolver. <i>Ata 8 ptos</i>	8	4
Proposta de escenografía. <i>Ata 10 ptos</i>	10	5
Proposta de actividade gastronómica. <i>Ata 10 ptos</i>	10	5
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE "B"</b>	<b>49</b>	<b>22</b>
<b>1. Menor prezo ofertado (sen IVE) para a execución de 2 workshops ó ano. Ata un máx. de 25 ptos</b>	<b>13,5</b>	
<b>2. Experiencia do xefe/a de proxecto superior á mínima esixida nos pregos. Ata un máx de 12 ptos</b>	<b>12</b>	
Maior número de workshops independentemente da temática dos mesmos (excepto promoción turística). <i>Ata 4 puntos</i>	4	
Maior número de workshops de promoción turística. <i>Ata 8 puntos</i>	8	
<b>3. Experiencia do/a xestor/a do proxecto superior á mínima establecida nos pregos. Ata un máx de 12 ptos</b>	<b>12</b>	
Maior número de workshops independentemente da temática dos mesmos (excepto promoción turística). <i>Ata 4 puntos</i>	4	
Maior número de workshops de promoción turística. <i>Ata 8 puntos</i>	8	
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE "C"</b>	<b>37,5</b>	
<b>TOTAL PUNTUACIÓN "B" + "C"</b>	<b>86,5</b>	

En base as puntuacións totais acadadas, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 23 de febreiro de 2022, acordou propoñer ao órgano de contratación a exclusión do procedemento da oferta presentada pola empresa *Castro Consulting Business Strategy, S.L. (B 98640048)* por non ter acadado a valoración mínima do 50% da máxima asinable (24,50 puntos) dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas e aprobar a clasificación acadada pola oferta presentada que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación Sobre B	Puntuación Sobre C	Puntuación Total
1ª	UTE ABRAMAR - EOSA	49	37,5	86,5



Na mesma reunión, a Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento de documentación establecida no art. 150.2 da Lei 9/2017, a adxudicación do contrato para a prestación dunha “*Asistencia Técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*” á UTE ABRAMAR - EOSA polos prezos e valores ofertados.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2022001537 de data 25 de febreiro de 2022, notificouse á UTE ABRAMAR - EOSA que formulou a mellor oferta cumprindo co establecido nos pregos que rexen a presente contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibira o requirimento presentaran a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Resultando que, dentro do prazo establecido, a empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistros WEB2022013495), e a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas e técnicas e na Resolución Presidencial de requirimento, quedando por tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Así mesmo, depositou na Caixa da Deputación a correspondente garantía por importe de 4.869,04€, segundo se acredita mediante a carta de pago nº 202200055719.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa *Castro Consulting Business Strategy, S.L. (B 98640048)* por non ter acadado a valoración mínima do 50% da máxima asinable (24,50 puntos) dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.
2. Adxudicar o contrato para a prestación da “*Asistencia Técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*” á UTE ABRAMAR – EOSA (U 09866005), polos seguintes prezos e valores ofertados:



1.- Prezo ofertado (sen IVE) para a execución de 2 workshop ó ano:

CONCEPTO	UNIDADES	PRECIO UNITARIO (SIN IVA)	Precio unitario (sin IVA)	TOTAL
Gestión y coordinación	2	9248,76	8322,084	16.644,17 €
Sinalizadores de empresa reutilizable	50	156	140,4	7.020,00 €
Rotulación accesos a sede	4	200	180	720,00 €
Photocall	2	512	460,8	921,60 €
Letras en volumen	2	668	601,2	1.202,40 €
Acreditaciones personalizables+handyards	300	3,1	2,79	837,00 €
Lista de empresas/ficha de participacion en sorteo/Uma/Tarjetas de premio	2	55,85	50,085	100,17 €
Modulo de tarima 2x1 con patas regulables en altura (20,40 60 100 Cm)	24	30	27	648,00 €
Tarima de escenario modular m2	24	24	21,6	518,40 €
Moqueta ferial m2	20	6	5,4	108,00 €
TV plasma 65"	4	296	266,4	1.065,60 €
Mesa control digital 64 CH entrada y 64 CH salida, 24 buses	2	470	423	846,00 €
Caja digital 32/24	2	220	198	396,00 €
Caja auto amplificada 1000W mínimo 12"	2	50	45	90,00 €
Caja de son dispersión lineal 22,5- 60 grados 1200W	2	50	45	90,00 €
Amplificador digital 4 X 1800W 4OHM AES	2	75	67,5	135,00 €
Micrófono inalámbrico digital	4	45	40,5	162,00 €
Micrófono de cable necesarios para amplificación instrumental	10	25	22,5	225,00 €
Distribuidor de prensa 24ch con ganancias independientes	2	50	45	90,00 €
Ordenador portátil mínimo 17 pulgadas	2	100	90	180,00 €
Servicio de restauración	300	50	45	13.500,00 €
Actuación musical o similar	2	2450	2205	4.410,00 €
Presentador o presentadora	2	2450	2205	4.410,00 €
Alquiler de sala	2	1113	1001,7	2.003,40 €
Costes de la gestión de los asistentes del destino Rías Baixas	50	696	626,4	31.320,00 €
<b>PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (sin IVA)</b>				<b>87.642,74 €</b>
<b>IVA (21%)</b>				<b>15.569,97 €</b>
<b>IVA (10%)</b>				<b>1.350,00 €</b>
<b>PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (con IVA)</b>				<b>104.562,71 €</b>

2.- Experiencia do xefe/a de proxecto en workshops ofertada superior á mínima esixida nos pregos.

Número de traballos (workshops independentemente da temática –excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de elas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	42
---	----





Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	116
---	-----

3.-Experiencia do/a xestor/a do proxecto superior á mínima establecida nos pregos ofertada.

Número de traballos (workshops independentemente da temática –excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	21
--	----

Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	108
--	-----

- O prazo de duración do contrato será desde a formalización ata o 31 de decembro de 2022. Contémplanse tres posibles prórrogas de 1 ano de duración cada unha.
- As obrigas que se deriven do contrato, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 433.4320.227.75 do vixente orzamento provincial.

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total con IVE
2022	433.4320.227.75	116.180,79€



- Forma de pagamento: PARCIAL

Os pagos a empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas unha vez realizados os traballos conforme ao establecido nos pregos, polo que o pago realizarase fraccionado en función dos servizos e traballos efectivamente realizados. A modo de conformidade da mesma será precisa a expedición dun informe de conformidade por parte da persoa responsable do contrato.

Os fitos de facturación son os seguintes:

- Á finalización dos traballos previos a un workshop: 60%
- Á finalización dos traballos de un workshop: 40%

En todo caso, con cada factura a empresa adxudicataria deberá presentar un informe xustificativo dos traballos realizados e coa última factura de cada workshop deberá presentar ademais do informe xustificativo os entregables que se indican no PPT.

O orzamento indicado é máximo, así como o importe de adxudicación resultante, polo que a cantidade final destinada a sufragar os gastos que se deriven das prestacións obxecto do contrato, estará condicionada ás distintas prestacións realizadas derivadas das necesidades reais de Deputación de Pontevedra, sen que quede obrigada a esgotar o citado orzamento e/o importe de adxudicación resultante.

As cantidades son estimadas polo que en función das necesidades solicitarase o servizo. Para a determinación dos distintos elementos levantarase un acta previa á súa produción e execución no que se determina o elemento, unidades e dimensións, polo que a empresa adxudicataria facturará soamente polos mesmos e como cantidade máxima a indicada nos prezos unitarios ou na acta se se produciran modificacións que en todo caso non será superior ao orzamento máximo establecido nesta contratación.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



- Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2021061290	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

18.31469.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES (Expte. 2021031854)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10 de setembro de 2021, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 17 de setembro de 2021, aparecendo publicado o día 22 de setembro de 2021 (Anuncio de licitación 2021/S 184-478909), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de setembro de 2021. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Con data 15 de outubro do 2021, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto pola Asociación de Empresas de Servizos para la Dependencia (AESTE) (C.I.F.- G-83445049) contra o prego de cláusulas administrativas regulador deste procedemento. A vista do mesmo, mediante Resolución Presidencial nº 2021006089 de data 19 de outubro de 2021



acórdase abocar puntualmente a competencia delegada na Xunta de Goberno (dando conta de dita Resolución Presidencial na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do día 22 de outubro de 2021) e aprobar un novo prego administrativo, que rectifica e substitúe o anterior e reiníciase o prazo para a presentación de proposicións. O anuncio de licitación rectificado enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data 19 de outubro de 2021 e foi publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra con data 19 de outubro de 2021, momento no que se reiniciou o cómputo do prazo de presentación de ofertas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 25 de novembro de 2021, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Cohesión Social e Xuventude.

Recibido informe do servizo de Cohesión Social e Xuventude, de data 22 de decembro de 2021 (CSV: 6JYL2I2JJTJUZZAO), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 13 de xaneiro de 2022, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta das empresas Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299), Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475) e Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), presentan valores anormais ou desproporcionados en diferentes prezos e/ou valores ofertados, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida por parte das empresas Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299) e Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), o servizo de Cohesión Social e Xuventude, mediante informe de data 23 de febreiro de 2022 (CSV: 84ZFFQ3WGOYQQVXNG), considera que a xustificación presentada pola empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) non xustifica a baixa na súa oferta, se non é a través do incumprimento das prescricións contractuais, e a xustificación presentada pola empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299) xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida. A empresa Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475) non presenta a documentación xustificativa da baixa temeraria.



De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 24 de febreiro de 2022, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das seguintes empresas do procedemento seguido para a adxudicación do presente contrato, polos motivos que se relacionan:

Empresa	Motivo de exclusión:
Cruz Roja Española (NIF: Q-2866001G)	Por incumprir co establecido no PPT.
Clece, S.A (NIF: A-80.364.243)	Por incumprir o establecido no PPT.
Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475)	Por non presentar a documentación xustificativa da baixa temeraria.
Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842)	Non queda acreditado que poña a disposición do servizo TAD da Deputación de Pontevedra o número de teleoperadores/as suficientes para prestar o servizo nos niveles esixidos pola documentación contractual, así como imposibilitando a súa identificación a efectos de coñecer a súa cualificación, polo que non queda xustificada a baixa na súa oferta, se non é a través do incumprimento das prescricións contractuais.

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2022001555, de 25 de febreiro de 2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (NIF: A-79.022.299) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2022013285, de data 11 de marzo de 2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 30.416,29 € (carta de pago núm. operación 202200050182, do 10/03/2022).



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluír do procedemento de contratación á empresa Clece, S.A (NIF: A-80.364.243), por incumprir co establecido no prego de prescricións técnicas no seguinte apartado:

*PPT establece no punto 4.3.2.1 que “a empresa adxudicataria deberá dotar de un dispositivo que se instalará no domicilio da persoa usuaria conectado coa rede eléctrica e a unha liña telefónica como elemento emisor de alarmas. En aqueles casos nos que a liña fixa convencional ou a través de Ethernet non estea dispoñible, ou nos sexa viable, a empresa adxudicataria proporcionará un dispositivo de teleasistencia domiciliar GSM ou dispositivo domiciliario dixital con tarxeta SIM incorporada e sen coste adicional, nin para a persoa usuaria nin para este organismo provincial”.*

*No apartado 1.3.1.2 a empresa incumpre o establecido no PPT, xa que o servizo non pode supoñer ningún coste para a persoa usuaria, xa que o servizo e sufragado pola Deputación de Pontevedra e os concellos adheridos na súa totalidade.*

2.- Excluír do procedemento de contratación á empresa Cruz Roja Española (NIF: Q-2866001G), por incumprir co establecido no prego de prescricións técnicas no seguinte apartado:

*O PPT establece no seu apartado 4.1.4.2 “Alta das persoas beneficiarias no servizo de teleasistencia”, que “(...) proporcionarase a persoa usuaria o teléfono do Centro de Atención, co fin de facilitar a comunicación da persoa beneficiaria coas persoas responsables do servizo ante posibles incidencias que poidan xurdir durante o proceso. Este teléfono debe de ser de chamada gratuíta para a persoa usuaria (...)”.*

*Polo tanto, hai dúas vías de contacto có Centro de Atención. Unha externa mediante un número de teléfono que debe de ser gratuíto (pax. 11 PPT) e as chamadas que fai o propio terminal (ao pulsar o botón do terminal ou o UCR), que deben de ser gratúitas ou como máximo o custe dunha chamada local (pax 13 e páx 20 do PPT).*



*Cruz Roja Española indica na súa oferta que “(...) se le facilitará el número de teléfono de contacto del Centro de Atención (...); (...) Este teléfono es de carácter gratuito para la persona usuaria o, como máximo, tendrá el coste de una llamada local (...).”, incumplindo o establecido no PPT xa que deben proporcionarlles un número de teléfono gratuito para contactar de forma externa có Centro de Atención.*

3.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF:A-47.326.475), por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato.

4.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato. A motivación desta proposta recollese en detalle no informe técnico elaborado en data 23/02/2022 pola Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, no que se recolle a modo de conclusión que “... non queda acreditado que poñan a disposición do servizo TAD da Deputación de Pontevedra, o número de teleoperadores/as suficientes para prestar o servizo nos niveis esixidos pola documentación contractual, así como imposibilitando a súa identificación a efectos de coñecer a súa cualificación, polo que non queda xustificada a baixa na súa oferta, senón é a través do incumprimento das prescricións contractuais”.

5.- Adxudicar o contrato de “Servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes” á empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (NIF:A-79.022.299) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

TIPOLOXÍA	Prezo mensual ofertado, sen IVE	IVE	Prezo mensual ofertado, con IVE
PERSOA TITULAR SERVIZO TELEASISTENCIA	20,67 €	0,83 €	21,50 €
PERSOA TITULAR CON DISPOSITIVO GSM	20,67 €	0,83 €	21,50 €
PERSOA BENEFICIARIA CON UCR ADICIONAL	10,68 €	0,43 €	11,11 €
PERSOA BENEFICIARIA SEN UCR ADICIONAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €



Melloras propostas pola Deputación de Pontevedra:

Servizo de Teleasistencia Avanzada		
CATEGORÍA DISPOSITIVO	TIPO DISPOSITIVO	Nº. DISPOSITIVOS OFERTADOS
Seguridade	Detectores de monóxido de carbono	1000
	Detectores de gas	1000
	Detectores de caída mediante sensores de acelerómetro e sensor de verticalidade	60
	Detectores de pasividade/mobilidade con posibilidade de configurar franxas horarias de desactivación e7ou días de ausencia	60
Funcional	Dispositivo para o baño con tirador provisto de alarmas sonoras e/ou visuais para confirmación de que o sinal é enviada ao terminal. Capacidade de ser instalado en calquera zona con alto grao de humidade.	60
	UCR con maior superficie para garantir un pulsador que poida ser activado con calquera parte do corpo	60
	Terminais para persoas con alta deficiencia auditiva; deberá ofrecer a posibilidade de utilizar o control remoto. O centro responderalles mediante mensaxes de texto prefijados, aos que a persoa contestará con respostas simples mediante pantalla táctil.	60
	Terminais adaptados para persoas con discapacidade visual; deberán ofrecer dispositivos adaptados ás persoas con capacidade de poder recoñecer a funcionalidade de cada botón de maneira táctil e ofrecer as mesmas prestacións para comunicarche co centro de atención e a xestión das posibles alarmas producidas.	60
Outros	Pulsador tipo pera	60
	Sensor de presión en cama e sofá	60
	Sensor de inundación	60
	Sensor de temperatura	230
	Sensor de alarma en porta	600
	Dispensador de medicinas para 7 días da semana e apartados para medicación mañá, tarde e noite e cor branco con logo da Deputación de Pontevedra	1000





Concepto	Valor
Número de días ofertados de prazo para a instalación de terminais	Unidades
	Menos de 8 días
Número de instalacións urxentes ofertados por ano	Porcentaxe
	50 por ano
Número de terminais ofertados para o servizo de Teleasistencia móbil	Unidades
	40

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.2313.480.03 do vixente orzamento provincial, e as do ano 2023 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 231.2313.480.03, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago do prezo do contrato realizarase, unha vez presentada a factura a este organismo provincial e a cada un dos concellos cos que exista convenio en base ás porcentaxes de financiamento que lle correspondan a cada un deles no momento da prestación do servizo pola empresa ou entidade adxudicataria.

A presentación da factura farase por medios electrónicos, necesariamente nos primeiros 15 días do mes seguinte á prestación do servizo, salvo autorización expresa dun prazo maior polo servizo de Cohesión Social e Mocidade. A factura presentada virá desagregada por concellos, diferenciando entre persoas titulares de servizo de teleasistencia, persoas titulares con dispositivo GSM, persoas beneficiarias con UCR e persoas beneficiarias sen UCR, definindo o seu número e prezo por modalidade e concello.

Con carácter previo á súa presentación, remitirase a seguinte documentación ao servizo de Cohesión Social e Mocidade:

- Borrador da facturación mensual por parte da empresa adxudicataria á Deputación, na que consten, como mínimo, os seguintes datos de todas as persoas usuarias e beneficiarias do servizo durante o mes que se factura:
  - Poboación
  - Nome e apelidos
  - DNI ou NIE da persoa usuaria ou beneficiaria do servizo
  - Tipo de persoa usuaria



- Situación (alta, baixa, suspensión temporal, ausencia domiciliaria) e data de inicio da mesma
- Importe facturado por cada unha delas, en cada unha das distintas situacións nas que se atopou ao longo do mes, detallando contía facturada á Deputación e ao concello correspondente.
- Un informe de incidencias técnicas e incidencias derivadas das alarmas de emerxencia das persoas usuarias e beneficiarias con e sen UCR do mes que se factura
- Os seguimentos realizados durante o mes detallando concello de orixe e persoa usuaria e/ou beneficiaria.
- As chamadas ás persoas usuarias titulares, beneficiarias con UCR e sen UCR polos seus aniversarios.

As facturas, expedidas de acordo á normativa vixente, serán abonadas unha vez emitido o correspondente informe favorable ou de conformidade do responsable da unidade administrativa que reciba ou supervise o traballo, ou no seu caso, do designado polo órgano de contratación como responsable de leste.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adjudicataria ou adjudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2021031854	
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adjudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Responsable do contrato: Xefatura de Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

6.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

19.31470.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS QUE INCLÚEN FORMACIÓN CONDUCENTE Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE (3ª CONVOCATORIA) NO MARCO DO PROXECTO “LABORA 2020” COFINANCIADO POLO FSE AO 80% NO CONTEXTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (POEFE) (Expte. 2021045563)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 3 de decembro de 2021 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de decembro de 2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de decembro de 2021, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Emprego e desenvolvemento local.



Recibido informe do servizo de emprego e desenvolvemento local, de data 24/01/2022 (CSV: AJGPQ1FVGZDE8DFH), a Mesa de contratación na reunión celebrada o día 28-01-2022 acordou aprobar as citadas valoracións e procedeu á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “C” das empresas que acadaron un mínimo do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B), informando que as ofertas presentadas polas empresas CENTRO FORMACIÓN ICA S.L., nos lotes 3, 4, 9, 10 e 13 e EUROTREC INSPECCIÓN S.L.U., no lote 12 non obtiveron dita puntuación mínima. Os valores ofertados foron os seguintes:

Lotes	Empresas	Prezo ofertado	Certificación calidade
Lote 1	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación S.L.	19.200,00	Si
Lote 3	G12 Grupo empresarial de servizos SL	16.283,30	Si
	Fundación Laboral de la Construcción	23.300,00	Si
Lote 4	G12 Grupo empresarial de servizos SL	19.750,50	Si
Lote 5	Magnafor Qualitas SL	23.075,48	si
Lote 6	Be One Campolongo SL	31.999,00	si
Lote 7	Academia Trinidad SL (Big Formación)	35.685,00	Si
Lote 8	Magnafor Qualitas SL	29.130,35	si
Lote 9	G12 Grupo empresarial de servizos SL	15837,90	Si
Lote 10	G12 Grupo empresarial de servizos SL	15.785,50	Si
Lote 12	Moba Skill Training SL	24.477,10	Si
Lote 13	G12 Grupo empresarial de servizos SL	30.058,00	Si
	Centros agrupados de formación empresarial SL	39.291,00	Si
	Formacomer Gadicom SL	29.967,00	Si

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas Formacomer Gadicom SL (Lote 13) e-G12 Grupo Empresarial de Servizos SL (Lotes 3,4,9,10 e 13), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado polo que se lles requiriu para que xustificasen a súa oferta.



As empresas Formacomer Gadicom SL (Lote 13) e-G12 Grupo Empresarial de Servicios SL (Lotes 3,4,9,10 e 13). presentaron a xustificación da súa oferta no prazo dando traslado da mesma ó Servizo de Cohesión Social e Xuventude, emitindo o xefe do citado servizo de data 17/12/2021, sendos informes recollendo nos mesmos que *“o prezo está xustificado pola descrición dos custos que interveñen na execución do contrato e as condicións favorables que dispoñen para a prestación do servizo obxecto do contrato.”*

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre C de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas, a Mesa de contratación en reunión do día 10 de febreiro de 2022 acordou:

1. Propor ó órgano de contratación, declarar desertos os lotes nº 2 e nº 11 ao non terse presentado ningunha empresa.
2. Excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas CENTRO FORMACIÓN ICA,S.L., nos lotes 3, 4, 9, 10 e 13 e EUROTEC INSPECCIÓN S.L.U., no lote 12 ao non acadar un mínimo do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor (sobre B).
3. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto en función das puntuacións totais obtidas que queda da seguinte forma:

Lotes	Empresas	Puntuación total	Clasificación
Lote 1	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL	36,29	1ª
Lote 3	G12 Grupo empresarial de servizos SL	95,00	1ª
	Fundación Laboral de la Construcción	39,25	2ª
Lote 4	G12 Grupo empresarial de servizos SL	95,00	1ª
Lote 5	Magnafor Qualitas SL	85,68	1ª
Lote 6	Be One Campolongo SL	39,87	1ª
Lote 7	Academia Trinidad SL (Big Formación)	35,50	1ª
Lote 8	Magnafor Qualitas SL	84,27	1ª



Lote 9	G12 Grupo empresarial de servicios SL	95,00	1ª
Lote 10	G12 Grupo empresarial de servicios SL	95,00	1ª
Lote 12	Moba Skill Training SL	95,00	1ª
Lote 13	G12 Grupo empresarial de servicios SL	94,74	1ª
	Formacomer Gadicom SL	86,50	2ª
	Centros agrupados de formación empresarial SL	57,76	3ª

Así mesmo acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020 ás seguintes empresas:

Lotes	Empresas
Lote 1.- Actividades auxiliares de almacén (Porriño)	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL (CIF B-94.051.513)
Lote 3.- Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais (Vigo)	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)
Lote 4.- Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil (Vigo)	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)
Lote 5.- Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil (Pontevedra)	Magnafor Qualitas SL (CIF B-36.565.679)
Lote 6.- Socorrismo en instalacións acuáticas (Pontevedra)	Be One Campolongo SL (CIF B-70.563.291)
Lote 7.- Socorrismo en espazos acuáticos naturais (Baiona)	Academia Trinidad SL (Big Formación) (CIF B-32.379.125)
Lote 8.- Servicios auxiliares de salón de peiteado (Pontevedra)	Magnafor Qualitas SL (CIF B-36.565.679)
Lote 9.- Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais (Pontevedra.-aulas Deputación)	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)



Lote 10.- Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais (Tui.-Aulas do concello)	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)
Lote 12.- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (Tomiño.-aulas do concello)	Moba Skill Training SL (CIF B-32.327.934)
Lote 13.- Seguridade informática (Nigrán.- aulas do concello)	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)

Mediante Resolución Presidencial número 2022001142 de 15-02-2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ás empresas que presentaron a mellor oferta para cada un dos lotes, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

As empresas requiridas presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva para cada un dos lotes de acordo co seguinte detalle:

Lotes	Empresas propostas	Importe garantía	Carta de pago N° operación
Lote 1	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL (CIF B-94.051.513)	960,00 €	202200050171
Lote 3	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)	814,17 €	202200043164
Lote 4	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)	987,53 €	20200043163
Lote 5	Magnafor Qualitas SL (CIF B-36.565.679)	1.153,77 €	202200033898
Lote 6	Be One Campolongo SL (CIF B-70.563.291)	1.599,95 €	202200033896
Lote 7	Academia Trinidad SL (Big Formación) (CIF B-32.379.125)	1.784,25 €	202200032401
Lote 8	Magnafor Qualitas SL (CIF B-36.565.679)	1.456,52 €	202200033739
Lote 9	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)	791,90 €	202200043179
Lote 10	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)	789,28 €	202200043180
Lote 12	Moba Skill Training SL (CIF B-32.327.934)	1.223,86 €	202200043175
Lote 13	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)	1.502,90 €	202200043178



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar desertos os lotes nº 2 .-Actividades auxiliares de almacén (Caldas de Reis) e nº 11.- Traballos de carpintería e moble (O Rosal .-aulas concello) ao non terse presentado ningunha empresa.

2.-Excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas CENTRO FORMACIÓN ICA,S.L., nos lotes 3, 4, 9, 10 e 13 e EUROTÉC INSPECCIÓN S.L.U., no lote 12 ao non acadar un mínimo do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor (sobre B), segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo.

2.- Adxudicar o contrato para a prestación do Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020.ás empresas que a continuación se detallan polos seguintes prezos e valores ofertados para cada un dos lotes:

Lotes	Empresas	Prezo total (exento de iva)
Lote 1.- Actividades auxiliares de almacén (Porriño)	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL (CIF B-94.051.513)	19.200,00 €
Lote 3.-Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais (Vigo)	G12 Grupo empresarial de servizos SL (CIF B-36.993.509)	16.283,30 €
Lote 4.- Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil (Vigo)	G12 Grupo empresarial de servizos SL(CIF B-36.993.509)	19.750,50 €





Lote 5.- Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil (Pontevedra)	Magnafor Qualitas SL (CIF B-36.565.679)	23.075,48 €
Lote 6.- Socorrismo en instalacións acuáticas (Pontevedra)	Be One Campolongo SL (CIF B-70.563.291)	31.999,00 €
Lote 7.- Socorrismo en espazos acuáticos naturais (Baiona)	Academia Trinidad SL (Big Formación) (CIF B-32.379.125)	35.685,00 €
Lote 8.- Servicios auxiliares de salón de peiteado (Pontevedra)	Magnafor Qualitas SL (CIF B-36.565.679)	29.130,35 €
Lote 9.- Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais (Pontevedra.-aulas Deputación)	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)	15.837,90 €
Lote 10.- Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais (Tui.-Aulas do concello)	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)	15.785,50 €
Lote 12.- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (Tomiño.-aulas do concello)	Moba Skill Training SL (CIF B-32.327.934)	24.477,10 €
Lote 13.- Seguridade informática (Nigrán.- aulas do concello)	G12 Grupo empresarial de servicios SL (CIF B-36.993.509)	30.058,00 €
Importe total		261.282,13 €

*Todas estas cantidades están exentas de iva, de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 37/1992 de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.*

**Financiación:** As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2426.227.99.2021 do vixente orzamento provincial.

**Forma de pagamento:** total

O pago de cada un dos lotes que integran o contrato realizarase contra a presentación da correspondente factura unha vez finalizado o correspondente itinerario formativo e tras a entrega e aprobación da memoria final (de conformidade co indicado na cláusula 8.5 do prego de prescricións técnicas), coa conformidade da Deputación de Pontevedra.

O importe a pagar corresponderase co importe de adxudicación ofertado pola empresa adxudicataria no caso de que o número de persoas formadas segundo os requisitos establecidos nos pregos sexa de 15 persoas.

No caso de que o número de persoas formadas non acade o número de 15 o importe a pagar será o resultado de restar ao importe de adxudicación unha contía do 1 % sobre dito importe por cada persoa que falte para acadar o número de 15 persoas.

Entenderase por persoa formada aquela que non supere o límite do 10 % de ausencias xustificadas do total do itinerario formativo (formación específica, práctica, complementaria e transversal e titorías) e non se admitirá ningunha falta non xustificada.



A Deputación de Pontevedra non se compromete a que se leven a cabo todas as acción formativas previstas, xa que dependerá de que o número de alumnos seleccionados alcance o mínimo de 10 persoas esixidas pola normativa de aplicación para a formación conducente a certificados de profesionalidade.

No caso de que non se alcance dito número mínimo de 10 persoas non se levará a cabo dita acción formativa, resolvéndose o contrato e polo tanto a empresa non terá dereito ao cobro de ningunha cantidade.

As facturas deberán entregarse na Deputación de Pontevedra nun prazo máximo de cinco días desde que o equipo técnico lle de a conformidade a documentación presentada

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2021045563		
Órgano xestor:	LA0007802	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O Xefe do Servizo de Promoción de emprego e desenvolvemento local. A empresa adxudicatario deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



20.31471.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6410 BODAÑO-MERZA, AO SEU PASO POLA ÁREA RECREATIVA DA CARIXA (VILA DE CRUCES)” (Expte. 2020047174)

Resultando.- Que por Resolución Presidencial nº 2021003745 de data 24 de xuño de 2021 adxudicouse o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6410 Bodaño-Merza, ao seu paso pola área recreativa da Carixa (Vila de Cruces)*” á empresa Arines Obras y Proyectos S.L. (B15411705) por un importe de 87.157,67 € IVE incluído e un prazo de execución de catro meses.

Resultando.- Que con data 02/08/2021 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, suspendendo o inicio das obras, xustificando a suspensión na citada acta nos seguintes termos: “*A Área recreativa da Carixa é un lugar moi frecuentado por persoas no período estival, considerando que o inicio das obras en agosto é perigoso ao existir tanta xente moi preto da zona de afección, solicitando comezar a obra pasado o verán*”.

Resultando.-Que, desaparecidas as causas que motivaron a suspensión do inicio das obras, na data 04/10/2021 formalízase acta de comprobación de replanteo positiva, establecendo nese intre como data para finalizar a obra o día 04/02/2022.

Con data 17/01/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación escrito da empresa Arines Obras y Proyectos, S.L., solicitando unha ampliación de prazo de un (1) mes, na execución desta obra, debido a que para a execución da obra precísase a subministración de varios báculos e luminarias do mesmo modelo existente. Ademais é necesario executar unha varanda de madeira tratada. Xustifica o contratista a solicitude da prórroga, en que debido ás datas de nadal e os problemas xeneralizados de subministro de materiais, non garanten que ditos elementos cheguen a tempo de cumprir o prazo.

Solicitado informe ó director de obra, este emitiu na data 01/02/2022 informe recollendo o seguinte: “... *Na actualidade, o contratista xa ten arranxado o problema do subministro dos materiais necesarios para a correcta execución da totalidade da obra no prazo estipulado, sen necesidade de levar a cabo a ampliación de prazo solicitado, mantendo como data de finalización das obras o día 04/02/2022...*”.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. *A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta...*”



Considerando.- Que o artigo 52 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións poderán convalidar os seus actos subsanando os vicios de que adoezan. Se o vicio consistise na falta de algunha autorización, poderá ser convalidado mediante o outorgamento da mesma polo órgano competente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Validar a suspensión do inicio da execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6410 Bodaño-Merxa, ao seu paso pola área recreativa da Carixa (Vila de Cruces)*”, recollida na acta de comprobación de replanteo negativa asinada polo contratista e o director da obra na data 02/08/2021.
- Validar o inicio da execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6410 Bodaño-Merxa, ao seu paso pola área recreativa da Carixa (Vila de Cruces)*” recollida na acta de comprobación de replanteo formalizada na data 04/10/2022.
- Establecer como data para finalizar a obra o día 04/02/2022.

21.31472.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA INTERCONEXIÓN DAS RÚAS SAN BIEITO E EMIGRANTE COAS ESTRADAS DE PEITIEIROS E CHAÍN-MORGADÁNS (GONDOMAR)” (Expte.2020057466)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 2 de xullo de 2021 acordou adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Humanización da interconexión das Rúas San Bieito e Emigrante coas estradas de Peitieiros e Chaín-Morgadans (Gondomar)*” á empresa Construcciones Enrique C Casas, S.L. (B36147429) por un importe de 249.756,03 € IVE incluído e un prazo de execución de dous meses.

Resultando.- Que con data 16/08/2021 formalizouse entre o contratista e a directora de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, suspendendo o inicio das obras, xustificando a suspensión na citada acta nos seguintes termos: “*A interconexión das rúas obxecto da obra é un lugar moi frecuentado no período estival tendo en conta o tipo de obra que se vai levar a cabo, no cal se tendrá que controlar o tráfico da zona de afección, solicitando comezar a obra pasado o verán*”.

Con data 25/01/2022, a directora da obra informa ademáis, sobre “*a existencia en aéreo da rede da empresa Naturgy, S.L. en mal estado, existindo dous postes que impiden o inicio da obra, debido a que cando se comece a escavación estes poderían caer deixando sen servizo os usuarios do entorno. Con data 05/04/2021 dende o Departamento de Infraestruturas se emite informe a Naturgy, S.L. indicando o inicio das obras para que realicen o seu estudo, cando se realiza a acta de reformulo negativa, non se deixa constancia da existencia deste problema coa empresa subministradora, debido a que se entende que estes resolverán finalizada a época estival e deste xeito se poderán iniciar as obras.*”



*Con data 18/01/2022 a Naturgy, S.L. remite o orzamento en relación á obra obxecto deste informe, polo que dende o Servizo de Infraestruturas unha vez comprobado o orzamento, emítese con data 19/01/2022 o informe de reserva de crédito para a súa execución.*

*Realizado este último trámite administrativo, a empresa Naturgy, S.L. ten que asignar un supervisor para dita obra, polo que esta comezará nas próximas semanas.”*

Resultando.-Que na data 08/03/2022 formalizase acta de comprobación de replanteo positiva, establecendo nese intre como data para finalizar a obra o día 08/05/2022.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta...”

Considerando.- Que o artigo 52 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións poderán convalidar os seus actos subsanando os vicios de que adoezan. Se o vicio consistise na falta de algunha autorización, poderá ser convalidado mediante o outorgamento da mesma polo órgano competente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Validar a suspensión do inicio da execución da obra “*Humanización da interconexión das Rúas San Bieito e Emigrante coas estradas de Peitieiros e Chaín-Morgadás (Gondomar)*”, recollida na acta de comprobación de replanteo negativa asinada polo contratista e a directora da obra na data 16/08/2021.
- Validar o inicio da execución da obra “*Humanización da interconexión das Rúas San Bieito e Emigrante coas estradas de Peitieiros e Chaín-Morgadás (Gondomar)*” recollida na acta de comprobación de replanteo formalizada na data 08/03/2022.
- Establecer como data para finalizar a obra o día 08/05/2022.



22.31473.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA TERRUÑO Y MÚSICA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “CONTRATACIÓN DE CATRO ACTUACIÓN DO GRUPO GUADI GALEGO CON CARGO AO PROGRAMA MUSIGAL 2021” (Expte. 2021014585) (Devogaran 2022014044)

Por Resolución Presidencial 2021002954 de data 27 de maio de 2021 (CSV.- G3G1YRF12XOQA5E4), adxudicouse o contrato relativo a “*Contratación de dúas actuacións do Grupo LUAR NA LUBRE, con cargo ao programa Musigal 2021*” (Núm. Exp. 2021014585).

Para responder da realización deste servizo, a empresa TERRUÑO Y MÚSICA, S.L. (CIF.- B-94182250), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 900,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100105176 de data 25/05/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cultura no cal establece que a empresa cumpriu satisfactoriamente tódolos compromisos derivados do contrato, polo que non existe ningún inconveniente en que se proceda á devolución da fianza depositada ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa TERRUÑO Y MÚSICA, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Contratación de dúas actuacións do Grupo LUAR NA LUBRE, con cargo ao programa Musigal 2021*” (Expte. Núm. 2021014585), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 900,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 25/05/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100105176.



23.31474.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COPERACTIVA CULTURAL, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “CONTRATACIÓN DE DÚAS ACTUACIÓN DO GRUPO LUAR NA LUBRE CON CARGO AO PROGRAMA MUSIGAL 2021” (Expte. 2021014642) (Devogaran 2022014046)

Por Resolución Presidencial 2021003282 de data 07 de xuño de 2021 (CSV.- Q0YFZVOC3IPBRW8Q), adxudicouse o contrato relativo a “*Contratación de catro actuacións do Grupo GUADI GALEGO, con cargo ao programa Musigal 2021*” (Núm. Exp. 2021014642).

Para responder da realización deste servizo, a empresa COPERACTIVA CULTURAL, S.L. (CIF.- B-36375160), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.180,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100111371 de data 03/06/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cultura no cal establece que a empresa cumpriu satisfactoriamente tódolos compromisos derivados do contrato, polo que non existe ningún inconveniente en que se proceda á devolución da fianza depositada ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa COPERACTIVA CULTURAL, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Contratación de catro actuacións do Grupo GUADI GALEGO, con cargo ao programa Musigal 2021*” (Expte. Núm. 2021014642), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.180,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 03/06/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100111371.



24.31475.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ARTESA ARTÍSTICA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “CONTRATACIÓN DE TRES ACTUACIÓNS DO GRUPO MANOELE DE FELISA GRUPO CON CARGO AO PROGRAMA MUSIGAL 2021” (Expte. 2021019549) (Devogaran2022014047)

Por Resolución Presidencial 2021003619 de data 21 de xuño de 2021 (CSV.-10BXJ52BZ7FDHCPG), adxudicouse o contrato relativo a “*Contratación de tres actuacións do Grupo MANOELE DE FELISA, con cargo ao programa Musigal 2021*” (Núm. Exp. 2021019549).

Para responder da realización deste servizo, a empresa ARTESA ARTÍSTICA, S.L. (CIF.-B-94132438), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 810,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100118759 de data 09/06/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cultura no cal establece que a empresa cumpriu satisfactoriamente tódolos compromisos derivados do contrato, polo que non existe ningún inconveniente en que se proceda á devolución da fianza depositada ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ARTESA ARTÍSTICA, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Contratación de tres actuacións do Grupo MANOELE DE FELISA, con cargo ao programa Musigal 2021*” (Expte. Núm. 2021019549), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 810,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/06/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100118759.





25.31476.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MARUXIÑA FILM COMPANY, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DA LONGAMETRAXE ONS” (Expte.2019012674) (Devogaran 2022014732).

Por Resolución Presidencial de data 11 de xuño de 2019 (CSV.- XYJNJRMYMWU65YUQ), adxudicouse o contrato relativo a “*Contratación do patrocinio publicitario da longametraxe <ONS>*” (Núm. Exp. 2021012674).

Para responder da realización deste servizo, a empresa MARUXIÑA FILM COMPANY, S.L. (CIF.- B-70222724), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.239,67€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100110000 de data 11/06/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa MARUXIÑA FILM COMPANY, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Contratación do patrocinio publicitario da longametraxe <ONS>*” (Expte. Núm. 2019012674), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de ABANCA, por importe de 1.239,67 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/06/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900110000.



26.31477.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DA MANUTENCIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ”  
(Expte.2022004049)

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa Finca Mouriscade situada no termo municipal de Lalín.

Nas actividades que se desenvolven na Finca de Mouriscade perséguese mellorar as condicións dos gandeiros, cooperativas agrogandeiras e empresas do sector na provincia. A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Un dos obxectivos do centro é mellorar a calidade das explotacións gandeiras da provincia a través do servizo de transferencia embrionaria, así como, ao dispoñer de animais, posibilita o desenrolo de programas con entidades públicas e privadas ou estudos na planta experimental de Biogás.

Para a realización destes programas é necesario contar con cabezas de gando bovino, sendo a manutención o gasto máis substancial nestes animais. Este gando alimentase mediante compras directas de produtos alimenticios e tamén mediante a colleita dos forraxes que producen as parcelas da propia finca. Coa finalidade da súa manutención, precísase acudir a unha contratación externa para satisfacer as distintas necesidades nutricionais nos animais e así poder prestar correctamente os diferentes servizos.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2021 acordou declarar deserto o lote número 1 (Mestura de materias primas e pensos ensacados) do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Nº expte.: 2021024876), por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación do contrato correspondente a este lote, motivado pola volatilidade e subidas das materias primas para a alimentación animal que se está dando a nivel mundial nos últimos meses, e unha vez axustados os prezos desta licitación ao momento presente, en data 27 de xaneiro de 2022 o Deputado Delegado da Finca Mouriscade dita providencia de inicio de expediente para a contratación da subministración da manutención do gando vacún da Finca Mouriscade.

Realizados todos os trámites administrativos correspondentes coa preparación do expediente, a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 18 de febreiro, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, trámite de urxencia, da “*Subministración da manutención do gando vacún da Finca Mouriscade*” (Expte. 2022004049).



Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do día 10 de marzo de 2022, observa que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que propón ao órgano de contratación que declare deserto o expediente número 2022004049 por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Declarar deserto o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada convocado para a contratación da “*Subministración da manutención do gando vacún da Finca Mouriscade*” (Expte. 2022004049), por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

27.31478.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB BADMINTON PONTEAREAS POR “CTO. GALEGO SUB-9 E SUB-19 DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte. 20210022838)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do CLUB BADMINTON PONTEAREAS con NIF: G94088416, do Concello de Ponteareas, por un importe de 316,52 €, para o “CTO. GALEGO SUB-9 E SUB-19 DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022012271 con data 07/03/22 do citado club renunciando á subvención debido a imposibilidade da súa celebración, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

28.31479.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A TM KITE CLUB CESANTES POR “IV KITEFEST CESANTES 2021” (Expte. 2021023423)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do TM KITE CLUB CESANTES con NIF: G94154960, do Concello de Redondela, por un importe de 2.877,41 €, para o “IV KITEFEST CESANTES 2021” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022013088 con data 10/03/22 do citado club renunciando á subvención debido a que non realizou gastos subvencionables, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



29.31480.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. CULTURAL LÍMITES DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “ENCONTRO DE POESÍA EXPANDIDA GALIZA/PORTUGAL”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 02/07/2022 (Expte. 2021020653)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor da ASOC. CULTURAL LÍMITES con CIF: G-01.848.852, do Concello de Vigo, por un importe de 2.500,00 €, para o “*Encontro de poesía expandida Galiza/Portugal*” con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 03/03/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

30.31481.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022014326 que contén 19 facturas e por un importe de 4.490,03 € e con CSV: HZL5FJFASW2XOU4I, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10 de marzo de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	4.490,03 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	4.490,03 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

b) Vista a relación de facturas con número 2022014463 que contén 48 facturas e por un importe de 152.270,09€ e con CSV: BJIOZXZNYTYB6TV9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10 de marzo de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	152.884,87€
Descontos do IRPF.....	1.299,53€
Descontos do IVE soportado deducible.....	684,75€



Descostos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	152.270,09€

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

31.31482.- DESESTIMACIÓN DA PRÓRROGA SOLICITADA POLO CONCELLO DE DOZÓN PARA A EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO “PLAN DE IGUALDADE PARA O CONCELLO DE DOZÓN” (Expte. 2021013224)

Visto o informe da Xefa do Servizo de Igualdade, de data 11 de marzo de 2022, co CSV: J9LPGKDXMGU14119 , que é do seguinte teor literal:

*“...ANTECEDENTES DE FEITO*

*A Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 12 de febreiro de 2021, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións destinadas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2021. Ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 33, de data 18 de febreiro de 2021.*

*Ao amparo de dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na sesión do 23 de xullo de 2021, acordou concederlle ao Concello de Dozón unha achega de 3.807,94 euros para o proxecto "Plan de Igualdade para o Concello de Dozón", acordo notificado ao Concello o 28 de xullo de 2021.*

*O período para executar a actividade se estendía ata o 31 de decembro de 2021 e o prazo de xustificación ata o 28 de febreiro de 2022.*

*Con data de 23 de febreiro de 2022 o Concello de Dozón presenta escrito pola sede electrónica provincial (nº de rexistro WEB2022008788), a través do cal solicita unha prórroga de tres meses para a execución e xustificación da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra para devandito proxecto, xustificada porque a empresa encargada de levalo a cabo “tivo dificultades técnicas e administrativas imprevistas...”.*

**TRATAMENTO TÉCNICO**

*A convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2021, estaba encadrada na clasificación económica do Capítulo IV Transferencias correntes, referidas a gastos correntes do ano en curso.*

*Neste sentido, tal e como se recollía na base terceira desta convocatoria, “As accións deberán realizarse durante o ano 2021 e ter rematado o 31 de decembro dese mesmo ano”.*



*Pola súa banda, o artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que a Administración poderá conceder unha ampliación dos prazos establecidos sempre que a petición da persoa interesada e a decisión sobre a mesma se produza antes do vencemento do prazo de que se trate; engadindo, a continuación, que en ningún caso podrá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que “as modificacións deben solicitarse ao longo do procedemento de concesión ou ben durante o período de execución, sempre que non se alteren a finalidade perseguida coa súa concesión”; e no mesmo sentido, o artigo 16.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra preceptúa que “...a solicitude de modificación presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido...”*

*Trasladado o anterior ao presente expediente, propónse desestimar a prórroga solicitada polo Concello de Dozón para executar e xustificar a subvención concedida para levar a cabo o proxecto de "Plan de Igualdade no Concello de Dozón", xa que logo a solicitude de prórroga preséntase unha vez vencido o prazo de execución.*

*Así mesmo, unha vez transcorrido o prazo para presentar a xustificación relativa á realización desta actividade, deberase requirir ao Concello de Dozón para a súa presentación un prazo improrrogable de 15 días hábiles, ao abeiro do disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións en adiante (RLXS).*

*Transcorrido dito prazo sen presentala, procederase a iniciar o procedemento de perda do dereito ó cobro da axuda concedida no seu día (art. 89 do RLXS)”.*

Vista a dilixencia de conformidade respecto ao devandito informe emitida pola Intervención Provincial en data 11 de marzo de 2022, co CSV: OZ6LLTDURUOJ3BZW

Considerando que o artigo 88 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que a aceptación de informe ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

A vista do exposto, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Desestimar a prórroga solicitada polo Concello de Dozón para a execución e xustificación da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra para levar a cabo o proxecto “Plan de Igualdade para o Concello de Dozón”, de conformidade co sinalado no informe da Xefa do Servizo de Igualdade transcrito na parte expositiva e que se acepta na súa integridade, servindo de motivación ao presente acordo.

Segundo. Requiritur ao Concello de Dozón para que no prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á notificación da presente comunicación, achegue a documentación acreditativa dos gastos realizados en relación ao proxecto “Plan de Igualdade para o Concello de Dozón”.

Transcorrido dito prazo sen presentala, procederase a iniciar o procedemento de perda do dereito ó cobro da axuda concedida no seu día.



32.31483.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE TOMIÑO (Expte.2020053178)

Dada conta que con data de rexistro 12/11/2019 (rex. núm. 2019052804) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial presentada por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Elsa Pereira Pereira en representación da Comunidade de Propietarios República Argentina, 17, no Concello de Tomiño, por danos materiais consistentes en fisuras e gretas, así como filtracións de auga no garaxe cada vez que chove, ó terse demolido unha vivenda que estaba pegada ó edificio, quedando esa fachada ó descuberto e sen impermeabilizar, danos que se están a producir no edificio sito na citada dirección dende o mes de abril de 2019, e a consecuencia das obras do proxecto de “Mellora da conexión entre a E.P. 3102 Tomiño-Sabarís e a PO-344, ó seu paso polo núcleo urbano de Seixo (Tomiño)”, cuxa contía foi determinada pola reclamante en 3.412,20 euros, así como a impermeabilización da fachada que ascendería á cantidade de 800 €.

Resultando.- Que con data 11/12/2019, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Mobilidade da Deputación, o cal foi remitido na data 07/01/2020, co seguinte contido:

*“Con data 15/06/2018 en sesión ordinaria a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudica o proxecto de “MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE A E.P. 3102 TOMIÑO-SABARÍS E A PO-344 Ó SEU PASO POLO NÚCLEO URBANO DE SEIXO (TOMIÑO)” á empresa Construcións, Obras e Viais, S.A., comezando a obra coa sinatura da acta de comprobación de replanteo con data 10/08/2018.*

*Nese proxecto contémpanse a demolición dunha vivenda e a expropiación do total da parcela con referencia catastral 36054A06800146, que se ubica pegada ó edificio sito c/ República Arxentina, 17, 36700-Tomiño, obxecto do presente informe.*

*Dende a demolición da edificación con data 13/09/2018 ata o remate das obras non se recibe ningún escrito no cal nos indiquen que se están a producir filtracións ó edificio por mor da fachada quedar ó descuberto, debido á demolición da edificación anexa, pero si que se lle indica por parte da Dirección das obras aos propietarios, que se vai proceder na revestir e rematar a fachada de forma adecuada, debido a que esta pode considerarse un servizo afectado durante a execución das obras.*

*En relación ás gretas que se indican no informe pericial que foron producidas por mor das obras na garaxe, no portal así como na fachada do edificio esta administración non ten coñecemento do mesmo, debido que durante a execución das obras non se realizou ningún gran movemento pegado a dito edificio.*

*A fachada á que fan mención da fronte a unha estrada existente, a rúa República Arxentina, na cal so se realizan as beirarrúas e se procede ó cambio do pavimento, pero en ningún momento nesa zona se realizan movementos de terras, nin grandes traballos.*



*En relación á fachada anexa á edificación que foi demolida, con data 10/10/2019 procédese a o seu revestimento e remate, quedando esta coa mesma estética que o resto do edificio.*

*\*(fotografía Revestido e remate da fachada do edificio obxecto deste informe con data 10/10/2019).*

*Como conclusión do mencionado anteriormente, informo que a Deputación de Pontevedra subsanou durante a execución da obra o elemento afectado de forma indirecta pola mesma, sendo esta a reposición de un servizo afectado, a fachada, unha vez se procedeu á demolición da edificación anexa ó mesmo.*

*En relación ó resto das solicitudes que fan parte do informe pericial redactado por D. Juan López Pontes, o técnico que suscribe considera que son alleas á execución das obras do proxecto de “Mellora da conexión entre a E.P. 3102 Tomiño-Sabarís e a PO-344 ó seu paso polo núcleo urbano de Seixo (Tomiño)”.*

*Pontevedra, 27 de decembro de 2019*

*O Xefe dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais*

*Francisco Alonso Fernández*

---

Resultando.- Que con data 03/02/2020, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, déuselle traslado da reclamación á mercantil COVSA (Construcciones, Obras y Viales, S.A.) para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito de alegacións na data 14/02/2020, co seguinte contido:

*En contestación ó seu empraçamento do día 10/02/2020 sobre a responsabilidade patrimonial suscrita por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Elsa Pereira Pereira en representación da Comunidade de Propietarios República Arxentina 17 de Tomiño, queremos alegar o seguinte:*

*Nós somos adxudicatarios das obras de MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE A E.P. 3102 TOMIÑO-SABARÍS E A PO-344 Ó SEU PASO POLO NÚCLEO URBANO DE SEIXO (TOMIÑO). EXP 2018002817, e subscribimos completamente o informe que redacta D. Francisco Alonso Fernández, concluíndo que as reclamacións efectuadas son alleas á execución das mencionadas obras.*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2020004165 de data 30/11/2020, abriuse o período relativo ós actos de instrución, incluíndo nel o período probatorio, no cal a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran, a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, transcorrido o prazo para o mesmo sen que se tivera proposto ningunha.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido ó confinamento derivado da Covid e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.





Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no s danos que se reclaman polo seguinte:

- Dende a demolición da edificación ata o remate das obras non se recibe ningún escrito no cal se indique que se están a producir filtracións ó edificio debido á demolición da edificación anexa ó quedar ó descuberto a fachada.
- Por parte da dirección da obra indicóuselles ós propietarios que se ía proceder a revestir e rematar a fachada de forma adecuada, debido a que esta podía considerarse un servizo afectado durante a execución das obras.
- En relación ás gretas que se indican no informe pericial, producidas no garaxe, no portal e na fachada, esta administración non tivo coñecemento.
- Durante a execución das obras non se realizou ningún gran movemento pegado a dito edificio.
- A fachada á que fan mención linda cunha estrada existente, a rúa República Arxentina, na cal so se realizaron as beirarrúas e se procedeu ó cambio do pavimento, pero en ningún momento nesa zona se realizan movementos de terras, nin grandes traballos.
- En relación á fachada anexa á edificación que foi demolida, con data 10/10/2019 procédese a o seu revestimento e remate, quedando esta coa mesma estética que o resto do edificio.
- A Deputación de Pontevedra subsanou durante a execución da obra o elemento afectado de forma indirecta pola mesma, sendo esta a reposición de un servizo afectado, a fachada, unha vez se procedeu á demolición da edificación anexa ó mesmo.
- En relación ó resto dos danos contidos no informe pericial redactado por D. Juan López Pontes, considérase que son alleos á execución das obras.
- A forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detentación material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.
- Non houbo mais reclamacións pola mesma causa.



Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, os Xulgados do contencioso-administrativo de Pontevedra desestimaron os recursos presentados. Así, a Sentenza 313/09 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, deixou dito que:

*“...la distancia de las obras a la vivienda, la naturaleza de las obras y su ejecución y la ausencia de otras reclamaciones desde luego las mismas no pueden acreditar por sí solas dicha conexión entre las obras ejecutadas y los daños causados, más aun constando certificación acordada como diligencia final de la ausencia de otras reclamaciones acredita ese extremo y vista la documental obrante en el expediente en la que se evidencia la existencia de viviendas al menos dos en el mismo lugar que la del actor (...), no se comprende como los daños aparecen en la vivienda del actor y no sin embargo en esa vivienda...”*

Na mesma liña argumental, as seguintes sentenzas:

Do xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, a sentenza 167/08:

*“La causa de las grietas aparece descrita en términos muy genéricos sin especificar las características del terreno y los medios materiales e instrumentos empleados en la ejecución (...) sin la suficiente minuciosidad para hacer surgir la responsabilidad patrimonial de la Diputación Provincial pretendida en la demanda”*

Do xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, as seguintes sentenzas:

- Sentenza 150/08:

*“A pesar de los esfuerzos probatorios desarrollados en vía administrativa y en esta judicial por la parte actora, no se ha acreditado suficientemente no ya el nexo de causalidad exigible entre el daño que se reclama y el funcionamiento de un servicio público sino la propia responsabilidad de la Diputación Provincial en la causación de los desperfectos que sufre la vivienda (...)”*

- Sentenza 41/13:

*“Tampoco ha resultado suficientemente concluyente la prueba practicada por la parte actora a la hora de demostrar que la Diputación, en su condición de Administración titular de la vía y por tanto, encargada de su correcta señalización y conservación, hayan desatendido tales funciones (...) El informe pericial que el reclamante aportó ya en vía administrativa, no sólo no fue debidamente ratificado en sala, a presencia judicial, sino que además hay que decir que realiza afirmaciones de “cierta vaguedad”, poco concretas al respecto del método de ciencia empleado por el técnico informante para llegar a la conclusión de que son las vibraciones producidas en las inmediaciones de la carretera (...) las que han ocasionado grietas en el interior de la vivienda (...) sin expresar suficientemente en qué método o razón de ciencia se apoya a tal fin, es decir, sin especificar si en sus conclusiones ha descartado otro tipo de circunstancias tales como la fecha de construcción del edificio y la de su consiguiente asentamiento sobre el terreno, o una deficiente construcción”*

Abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

33.31484.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE POIO (Expte.2020048378)

Dada conta que con data de rexistro 21/10/2020 (rex. núm. 2020023172) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial suscrita por D. Benito Curra González por danos materiais na súa vivenda, sita na rúa Pedro Soto Couselo nº 5, Ático B en Campelo, no Concello de Poio, consistentes no levantamento do solado porcelánico do salón e a apertura dunha greta no falso teito do baño do dormitorio principal, os cales se produciron, segundo manifesta, a consecuencia das vibracións producidas polas obras realizadas con retroexcavadora con martelo picador na estrada E.P. 0601 Portosanto-Campelo, e cuxa contía foi determinada polo reclamante en 630 €.

Resultando.- Que con data 26/10/2020, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 03/11/2020, co seguinte contido:

*A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria celebrada o día 07/03/2019, acordou adxudicar á UTE: MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L.-ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. o contrato para a execución da citada obra.*

*Os traballos inician trala sinatura da acta de comprobación de replanteo o día 03/05/2019, comezando no P.K. 0+000 cos movementos de terras necesarios para a instalación das redes soterradas contempladas no proxecto, non actuando ata xuño do 2020 no entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo ó atoparse aproximadamente no P.K. 1+650 da E.P. 0601 Portosanto-Campelo-N-550.*

*Os traballos no entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo consistiron na demolición do firme e beirarrúas existentes, colocación das redes soterradas dos servizos contemplados no proxecto, execución de sendas de formigón por ambas as marxes da estrada existente, extensión dunha nova capa de mestura bituminosa en quente no firme actual e a posterior execución da sinalización horizontal e vertical necesaria.*



*Debido á existencia na rúa de redes obsoletas e necesarias de substituír, o procedemento de actuación consistiu na retirada das redes vellas e a colocación das novas na mesma gabia, executando as escavacións para a colocación das novas redes na metade do carril da estrada, debido a que as redes a substituír xa estaban colocadas alí, non executando ningún tipo de gabia mediante máquina retroescavadora ao pé do edificio tal e como se comenta na instancia subscripta por D. Benito Curra González, realizando as gabias a unha distancia da fachada dos edificios suficiente como para non producir ningún tipo de desperfecto nas edificacións existentes no entorno.*

*A maiores, no entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo non foi necesario utilizar máquinas retroescavadoras con martelo picador para a execución das gabias, actuando con retroescavadoras que fixeron as demolicións e as escavacións directamente co cazo, ó tratarse dunha zona onde o material a escavar non tiña ningún tipo de pedra, tratándose dun recheo executado no seu día ó instalar as redes vellas, e cun aglomerado en tal estado de deterioro que se retiraba directamente co cazo da retroescavadora, tal e como se pode observar na fotografía (\*consta no informe como fotografía 1.), realizando co cazo da retroescavadora conxuntamente os traballos de demolición de firme e execución das gabias para a instalación das novas redes.*

(Fotografía 2. Execución da demolición do firme e escavación das gabias co cazo da propia retroescavadora).

*Unha vez executadas as redes na metade do carril, e sen realizar ningún tipo de demolición da beirarrúa existente na fachada do edificio, colocouse o elemento separador entre a futura senda e o carril, observando na foto que as beirarrúas atopábanse en bo estado, sen ningún tipo de gretas ou levantamentos de baldosa pola existencia de vibracións durante os traballos da escavación das gabias e colocación das redes.*

(Fotografía 3. Colocación do elemento separador (caz de formigón) entre a futura senda e o firme).

*Unha vez instaladas redes e colocado o elemento separador entre a futura senda e o firme do carril, continuamos cos traballos necesarios procedendo á demolición da beirarrúa existente na fachada do edificio nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo e a realización da escavación de 20 cm de profundidade para a execución da caixa necesaria para colocar o paquete de firme da futura senda contemplado no proxecto, utilizando para executar estes traballos unha miniescavadora con cazo, sen necesidade de martelo picador, ó tratarse dunha zona onde o material a escavar non tiña ningún tipo de pedra, tratándose dun recheo executado no seu día ó realizar as beirarrúas vellas, atopándose a maiores o formigón das beirarrúas existentes sen ningún tipo de armado, utilizando directamente o cazo da miniescavadora para realizar de forma conxunta a demolición do formigón da beirarrúa e a escavación dos 20 cm para a caixa da futura senda.*

(Fotografía 4. Demolición da beirarrúa e realización da escavación de 20 cm para a caixa da futura senda. Traballos realizados mediante miniescavadora con cazo).



*Unha vez retirada a beirarrúa de formigón vella e realizada a escavación para a execución da caixa dos pavimentos da futura senda, procedeuse á colocación da subbase de saburra e a execución da senda de formigón contemplada no proxecto.*

(Fotografía 5. Execución da escavación de 20 cm da caixa para a colocación dos pavimentos da futura senda.

Fotografía 6. Nova senda formigonada no entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo).

*Por último, dende o comezo da demolición dos pavimentos e execución das gabias no entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo, en xuño de 2020, ata a instancia subscrita por D. Benito Curra González, con data 20 de outubro de 2020, non se recibe ningún escrito nin queixa por parte de ningún veciño do bloque, nin sequera de D. Benito Curra González, nin de ningún bloque ou edificación do entorno, no cal se nos indique a existencia de vibracións ou desperfectos nas edificacións debido ós traballos de demolición de firmes e execución de gabias no entorno.*

*Como conclusión do mencionado anteriormente, o técnico que subscibe informa que a Deputación de Pontevedra procedeu a executar as demolicións e as gabias das redes soterradas no entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo con todas as precaucións necesarias para non producir ningún tipo de desperfecto nas vivendas colindantes, executando as gabias a unha distancia considerable do pé das edificacións, suficiente como para evitar posibles asentamentos nas mesmas, e sen usar martelos picadores de gran potencia nas retroescavadoras e miniescavadoras utilizadas, para evitar posible vibracións no chan que puidesen xerar gretas ou outro tipo de desperfecto nas vivendas, considerando que os danos indicados por D. Benito Curra González na súa instancia son alleos á execución das obras do proxecto de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0601 PORTOSANTO-CAMPELO N-550, CORRESPONDENTE CO P.K. 0+000 ATA O ENTORNO DA BAIXADA CARA O PORTO DE CAMPELO NO P.K. 1+730 (POIO)".*

*Pontevedra, 3 novembro 2020  
O Director das obras,  
Jaime David Ruibal de Sola*

*O Xefe dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais  
Francisco Alonso Fernández*

---

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial núm. RP2021000421 arquivouse o expediente por perención, ó non terse achegado polo reclamante diversa documentación que lle fora requirida na data 09/11/2020.

Resultando.- Que con data 28/01/2021, D. Benito Curra González presenta escrito no que manifesta ter aportado dita documentación na data 20/11/2021.



Resultando.- Que realizadas as comprobacións oportunas, constatouse que a documentación fora presentada por D. Benito Curra González na data sinalada, atopándose a mesma, por erro, noutro servizo da Deputación, polo que o Servizo de Asesoría Xurídica non tivo coñecemento da súa aportación, continuándose a coa tramitación do procedemento en canto foi recibida.

Resultando.- Que mediante resolución Presidencial núm. RP2021001013, de data 22/02/2021, decretouse a nulidade da perención, ordenándose a continuación do procedemento polos seus trámites.

Resultando.- Que con data 08/11/2021, solicitouse informe á mercantil MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L.-ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L., presentando escrito na data 02/12/2021, no que alega o seguinte:

- *Que la empresa contratista ha ejecutado los trabajos de canalización con la maquinaria adecuada para los trabajos contemplados en el proyecto constructivo.*
- *Que en donde se ubican los desperfectos, la excavación de zanjas y demás trabajos no implica el uso de métodos constructivos que puedan dañar el interior o exterior de las viviendas. Por supuesto, tampoco el uso de métodos que puedan afectar a las cimentaciones (en cuyo caso, se reflejaría en el proyecto constructivo).*
- *Que se han ejecutado los trabajos bajo una estrecha vigilancia de los servicios técnicos de la Diputación, los servicios de una asistencia técnica externa y los servicios del coordinador de seguridad y salud. Esto imposibilita que se pudieran emplear métodos excesivos o dañinos para el contorno de la obra.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no s danos que se reclaman polo seguinte:

- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria celebrada o día 07/03/2019, acordou adxudicou o contrato para a execución da obra á UTE: MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L.-ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.



- Os traballos no entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo consistiron na demolición do firme e beirarrúas existentes, colocación das redes soterradas dos servizos contemplados no proxecto, execución de sendas de formigón por ambas as marxes da estrada, extensión dunha nova capa de mestura bituminosa en quente no firme actual e a posterior execución da sinalización horizontal e vertical.
- O procedemento de actuación consistiu na retirada das redes vellas que estaban obsoletas e a colocación das novas na mesma gabia, executando as escavacións para a colocación das novas redes na metade do carril da estrada, debido a que as redes a substituír xa estaban colocadas alí, non executando ningún tipo de gabia mediante máquina retroescavadora ao pé do edificio tal e como se comenta na instancia subscrita por D. Benito Curra González, realizando as gabias a unha distancia da fachada dos edificios suficiente como para non producir ningún tipo de desperfecto nas edificacións existentes no entorno.
- No entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo non foi necesario utilizar máquinas retroescavadoras con martelo picador para a execución das gabias, actuando con retroescavadoras que fixeron as demolicións e as escavacións directamente co cazo, ó tratarse dunha zona onde o material a escavar non tiña ningún tipo de pedra, tratándose dun recheo executado no seu día ó instalar as redes vellas, e cun aglomerado en tal estado de deterioro que se retiraba directamente co cazo da retroescavadora, realizando co cazo da retroescavadora conxuntamente os traballos de demolición de firme e execución das gabias para a instalación das novas redes.
- Unha vez executadas as redes na metade do carril, e sen realizar ningún tipo de demolición da beirarrúa existente na fachada do edificio, colocouse o elemento separador entre a futura senda e o carril, observando na foto do informe do Servizo de Infraestruturas que as beirarrúas se atopaban en bo estado, sen ningún tipo de gretas ou levantamentos de baldosa pola existencia de vibracións durante os traballos da escavación das gabias e colocación das redes.
- Como continuación dos traballos procedeuse á demolición da beirarrúa existente na fachada do edificio nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo e á realización da escavación de 20 cm de profundidade para a execución da caixa necesaria para colocar o paquete de firme da futura senda contemplado no proxecto, utilizando para executar estes traballos unha miniescavadora con cazo, sen necesidade de martelo picador, ó tratarse dunha zona onde o material a escavar non tiña ningún tipo de pedra, tratándose dun recheo executado no seu día ó realizar as beirarrúas vellas, atopándose a maiores o formigón das beirarrúas existentes sen ningún tipo de armado, utilizando directamente o cazo da miniescavadora para realizar de forma conxunta a demolición do formigón da beirarrúa e a escavación dos 20 cm para a caixa da futura senda.



- Unha vez retirada a beirarrúa de formigón vella e realizada a escavación para a execución da caixa dos pavimentos da futura senda, procedeuse á colocación da subbase de saburra e a execución da senda de formigón contemplada no proxecto.
- Dende o comezo da demolición dos pavimentos e execución das gabias no entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo, en xuño de 2020, ata a instancia subscrita por D. Benito Curra González, con data 20 de outubro de 2020, non se recibe ningún escrito nin queixa por parte de ningún veciño do bloque, nin sequera de D. Benito Curra González, nin de ningún bloque ou edificación do entorno, no cal se nos indique a existencia de vibracións ou desperfectos nas edificacións debido ós traballos de demolición de firmes e execución de gabias no entorno.
- A Deputación de Pontevedra procedeu a executar as demolicións e as gabias das redes soterradas no entorno do nº 5 da Rúa Pedro Soto Couselo con todas as precaucións necesarias para non producir ningún tipo de desperfecto nas vivendas colindantes, executando as gabias a unha distancia considerable do pé das edificacións, suficiente como para evitar posibles asentamentos nas mesmas, e sen usar martelos picadores de gran potencia nas retroescavadoras e miniescavadoras utilizadas, para evitar posible vibracións no chan que puidesen xerar gretas ou outro tipo de desperfecto nas vivendas.
- Considérase que os danos reclamados por D. Benito Curra González na súa instancia son alleos á execución das obras do proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0601 PORTOSANTO-CAMPELO N-550, CORRESPONDENTE CO P.K. 0+000 ATA O ENTORNO DA BAIXADA CARA O PORTO DE CAMPELO NO P.K. 1+730 (POIO)”.
- Segundo o manifestado pola adxudicataria da obra, Movimiento de Áridos y Construcciones Arosa, S.L., no lugar onde se ubican os desperfectos, a escavación de gabias e demais traballos non implicou o uso de métodos construtivos que puideran danar o interior ou exterior das vivendas, nin afectar ás cimentacións, realizándose os traballos baixo unha estrita vixilancia dos servizos técnicos da Deputación, os servizos dunha asistencia técnica externa e os servizos do coordinador de seguridade e saúde, o que imposibilita que se puideran empregar métodos excesivos ou danos para o entorno da obra.
- A forza causal non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuir a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detención material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.
- Non houbo mais reclamacións pola mesma causa.





Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, os Xulgados do contencioso-administrativo de Pontevedra desestimaron os recursos presentados. Así, a Sentenza 313/09 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, deixou dito que:

*“...la distancia de las obras a la vivienda, la naturaleza de las obras y su ejecución y la ausencia de otras reclamaciones desde luego las mismas no pueden acreditar por sí solas dicha conexión entre las obras ejecutadas y los daños causados, más aun constando certificación acordada como diligencia final de la ausencia de otras reclamaciones acredita ese extremo y vista la documental obrante en el expediente en la que se evidencia la existencia de viviendas al menos dos en el mismo lugar que la del actor (...), no se comprende como los daños aparecen en la vivienda del actor y no sin embargo en esa vivienda...”*

Na mesma liña argumental, as seguintes sentenzas:

Do xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, a sentenza 167/08:

*“La causa de las grietas aparece descrita en términos muy genéricos sin especificar las características del terreno y los medios materiales e instrumentos empleados en la ejecución (...) sin la suficiente minuciosidad para hacer surgir la responsabilidad patrimonial de la Diputación Provincial pretendida en la demanda”*

Do xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, as seguintes sentenzas:

- Sentenza 150/08:

*“A pesar de los esfuerzos probatorios desarrollados en vía administrativa y en esta judicial por la parte actora, no se ha acreditado suficientemente no ya el nexo de causalidad exigible entre el daño que se reclama y el funcionamiento de un servicio público sino la propia responsabilidad de la Diputación Provincial en la causación de los desperfectos que sufre la vivienda (...)”*

- Sentenza 41/13:

*“Tampoco ha resultado suficientemente concluyente la prueba practicada por la parte actora a la hora de demostrar que la Diputación, en su condición de Administración titular de la vía y por tanto, encargada de su correcta señalización y conservación, hayan desatendido tales funciones (...) El informe pericial que el reclamante aportó ya en vía administrativa, no sólo no fue debidamente ratificado en sala, a presencia judicial, sino que además hay que decir que realiza afirmaciones de “cierta vaguedad”, poco concretas al respecto del método de ciencia empleado por el técnico informante para llegar a la conclusión de que son las vibraciones producidas en las inmediaciones de la carretera (...) las que han ocasionado grietas en el interior de la vivienda (...) sin expresar suficientemente en qué método o razón de ciencia se apoya a tal fin, es decir, sin especificar si en sus conclusiones ha descartado otro tipo de circunstancias tales como la fecha de construcción del edificio y la de su consiguiente asentamiento sobre el terreno, o una deficiente construcción”.*

Recentemente, a Sentenza 176/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1:

*“De la valoración conjunta de la prueba practicada se concluye la desestimación del recurso (...) El actor no ha seguido demostrar mínimamente la existencia de una relación de causalidad entre el defecto de la carretera provincial y los desperfectos en la vivienda”.*



E mais recentemente, a Sentenza 26/2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2:

*“Teniendo en cuenta la prueba practicada, y tal y como se concluyó por la perito judicial, resulta difícil atribuir los daños que se observan en la vivienda de la demandante a la causa que ella indica, (...) Así, pese a lo que se alega en la demanda y los indicado por el perito D. Rubén (...) no queda evidenciado que hubiese una evolución o agravamiento del estado de las fisuras detectadas, que pudiera fundar la existencia de afectación del inmueble por la colocación del elemento reductor de velocidad en la vía (...) la perito judicial, cuya imparcialidad no se discute, llega a la misma conclusión (...) Por lo tanto, y sin perjuicio de que no se duda que puedan existir en efecto vibraciones por la reacción de los vehículos ante el badén colocado enfrente de la vivienda, no puede considerarse probado que los daños que se aprecian en los informes técnicos emitidos puedan deberse a tales vibraciones, o que éstas tengan entidad para originarlos, por lo que el recurso contencioso-administrativo ha de ser desestimado”.*

Abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación.

34.31485.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 09/07/2021 (Nº 6.30525) DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA PARA INVESTIMENTO “URBANIZACIÓN RÚA MANUEL RODRÍGUEZ SINDE ENTRE Nº 5 E 23” INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021, LIÑA 1.-ANUALIDADE 2021 POR CAMBIO DE PROXECTO (Expte.2021012658)

No marco do Plan Concellos 2021, Liña 1, se lle concedeu ao *Concello de A Guarda* por Acordo nº 6.30525 da Xunta de Goberno de data 09/07/2021 unha subvención de 159.490,50 euros para o investimento “*Urbanización rúa Manuel Rodríguez Sinde entre nº 5 e 23*” (expediente 2021012658), o cal tiña un orzamento do mesmo importe.



A devandita subvención se concedeu en atención a un proxecto técnico datado en decembro de 2020 polos técnicos “Guillén, Mateos e Llopiz, Arquitectos”, e que por aquel entón se considerou acaído a natureza e características da obra a realizar, segundo o entorno e o lugar, quedando acreditado que o investimento se desenrolaría en convivencia co tráfico e a actividade corrente na rúa afectada. Este proxecto técnico acadou o informe favorable de supervisión, e en base ao mesmo se concedeu a subvención.

Con posterioridade, mediante rexistro web2021050171 *Concello de A Guarda* de data 30/12/2021, ten entrada a petición sobrevida do de cambiar o proxecto técnico que rexe o investimento, por canto se aprecian erros que non fan factíbel a execución da obra. En particular dáse un prezo descomposto anormalmente baixo para o m3 de formigón en soleira ao asinarse un espesor en m2, e non en m3 como se mediu, segundo informa o técnico do *Concello*.

Un prezo anormalmente baixo faría perigar a execución da obra. Por este motivo se formula a petición de modificar o acordo de concesión en base a necesidade do cambio do proxecto antes da licitación, pero respectando e mantendo a tipoloxía inicial do investimento.

O cambio de proxecto arroxa un importe de 172.331,54 euros, sendo este o novo orzamento. A diferenza entre o novo orzamento e a subvención outrora concedida xera unha diferenza de 12.841,04 euros que o *Concello* asume, e da cal se fai cargo con fondos propios.

Da documentación presentada deuse traslado aos técnicos facultativos do Servizo de Cooperación, emitíndose informe favorable ao modificado por cambio de proxecto en data 07/03/2022.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.



- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### Consideracións Xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

##### Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación que dispón que salvo que a resolución ou o acordo de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria a subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución/acordo de concesión, incluídos os prazos de execución ou xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública.
- A solicitude deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición da circunstancia que a cause e con antelación á finalidade o prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras da concesión.
- Base 17ª das Reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021, que dispón que a modificación da resolución ou acordo de concesión, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos; a) Petición por parte do Concello, que deberá vir motivada, entre outras, nas seguintes circunstancias: (...) Calquera outra circunstancia debidamente motivada e xustificada; b) Acordo do órgano competente do concello que aproba as variacións operadas no proxecto, documento técnico, memoria valorada ou descritiva da actuación que se vai levar a cabo”.



- Os artigos 20 e 21 da Lei Xeral Orzamentaria 47/2003, de 26 de novembro, que dispón a forza vinculante procede a modificación do acordo de concesión da subvención.
- O artigo 19 da Lei Xeral de Subvencións polo que se dispón que as subvencións por si solas ou con outras axudas non pode superar o custe da actividade a desenrolar polo beneficiario.

#### Consideracións finais:

A solicitude do *Concello de A Guarda* axústase as condicións xurídicas expostas.

A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.

Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “*Urbanización rúa Manuel Rodríguez Sinde entre nº 5 e 23*” (expediente: 2021012658) tívose en conta un proxecto por importe de 159.490,50 €, que se estimou suficiente e correcto para deducir o seu carácter e a adecuación á convocatoria do Plan Concellos 20221, Liña 1.

Unha vez concedida a subvención polo mesmo importe que o arriba referido orzamento, xurde a necesidade de emendar erros no mesmo que imposibilitan a súa efectiva realización, antes de sacar o investimento a licitación.

Conclúese que co cambio do proxecto do investimento “*Urbanización rúa Manuel Rodríguez Sinde entre nº 5 e 23*” se recollen as modificacións necesarias para a súa realización, sen cambiar a tipoloxía inicialmente aprobada.

E conclúese que o novo proxecto ten un orzamento de 172.331,54 euros, cuxa diferenza de 12.841,04 euros fronte ó primeiro orzamento de 159.490,50 euros, é asumida a cargo do propio *Concello* cos seus fondos.

De acordo ao sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación de data 07/03/2022, da xefa do servizo de Cooperación de data 07/03/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da modificación, e o informe favorable da Intervención Provincial, de data 08/03/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o Acordo nº 6.30525 da Xunta de Goberno de data 09/07/2021, polo que se concedía unha subvención de 159.490,50 euros ao *Concello de A Guarda* para o investimento “*Urbanización rúa Manuel Rodríguez Sinde entre nº 5 e 23*” (Expediente 2021012658), por cambio de proxecto técnico.



- Aprobar o cambio de proxecto técnico do investimento de referencia, que pasará dun orzamento de 159.490,50 euros a ser de 172.331,54 euros, mantendo a subvención concedida no importe de 159.490,50 euros e asumindo a diferenza de 12.841,04 euros polo *Concello de A Guarda* cos seus propios fondos.
- Manter invariábel os demais pronunciamentos do Acordo de concesión nº 6.30525 da Xunta de Goberno de 09/07/2021.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Guarda*, a Intervención, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

35.31486.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE MOAÑA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021 (Expte. 2021054421)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 24 de setembro de 2021 (acordo núm. 2.30803), as bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2021, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 29 de setembro de 2021 (BOPPO núm. 188).

Con data 28 de outubro de 2021 (núm. de rexistro WEB 2021041065) o Concello de Moaña (CIF P3602900G) presenta solicitude de axuda para a *Recuperación e restauración da muralla da torre de Meira*, con cargo á liña B da mencionada convocatoria.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 10 de decembro de 2021 (acordo núm. 3.31058), concederlle ao Concello de Moaña unha achega de 17.484,50 euros (sobre un orzamento de 17.484,50 euros) para o desenvolvemento do citado proxecto, con cargo á aplicación 22/332.3322.762.00.2021 do vixente Orzamento Provincial.

Con data 25 de febreiro de 2022 (núm. rexistro WEB 2022009554) recibíuse escrito do Concello de Moaña solicitando a modificación do referido proxecto, documentación que foi completada os días 28 de febreiro (núm. de rexistro WEB 2022010220) e 1 de marzo de 2022 (núm. de rexistro WEB2022010737).



As modificacións solicitadas polo Concello respecto do proxecto inicialmente aprobado consisten en:

- Renunciar á consolidación e/ou restauración da zona exterior da muralla. Unha vez rematada a escavación prevista, valoraranse xunto coa técnica restauradora as accións precisas na zona interior da muralla.
- Engadir unha intervención de mínimos nunha sondaxe tipo “trincheira” realizada en 1976, a poucos metros da zona na que se está realizando a sondaxe arqueolóxica. Na dita intervención descubriuse parte dun gran muro de pedra que constitúe a única estrutura coñecida de momento no patio de armas. Co obxectivo de deixar un conxunto o máis comprensible para as persoas visitantes, proponse esta intervención de mínimos que permita recuperar e visibilizar estes restos, así como realizar unha consolidación do muro escavado en 1976 para evitar a súa deterioración.

Tendo en conta que esta solicitude se presentou en prazo e que estes cambios non implican a modificación da contía da subvención concedida, de 17.484,50 euros, ao non modificarse o total do orzamento inicialmente presentado, e visto o informe favorable de Intervención (CSV: K49LNFV6YN0GL7HO), de 11 de marzo de 2022, para levar a cabo a dita modificación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar esta modificación do proxecto presentado polo *Concello de Moaña*, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

36.31487.- CORRECCIÓN DE ERROS DO “ACORDO RELATIVO A SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO, DO APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL” (Expte. 2022004295)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“18.31395.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO, PARA APOIO Á REALIZACIÓN DOS “TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL”. (Expte.2022004295)”

Detectados erros aritméticos no contido acordo relativos as tarifas A2 e B2 transcritas no mesmo compre efectuar a seguinte corrección en base ao establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que dispón que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

UNICO.- Corrixir os erros detectados no acordo de 4 de marzo de 2022 relativo a “18.31395.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO, PARA APOIO Á REALIZACIÓN DOS “TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL”. (Expte.2022004295)” de tal forma que, na parte expositiva onde pon:

“O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no actual exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas na por resolución da Subsecretaría de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas a IVE, ascende a un total del 179.776,25, segundo o seguinte desglose:

EXPEDIENTES JURÍDICOS	TARIFA	PRECIO	INMUEBLES ESTIMADOS	PRECIO TOTAL
Inmueble alterado	A1	8,50 €	350	2.975,00 €
Sin alteración	A2	4,00 €	300	1.200,00 €
Subsanaciones -expedientes	A3	12,75 €	200	2.550,00 €
Subsanaciones - Inmuebles	A3	8,50 €	100	850,00 €
Recursos - expedientes	A4	17,00 €	100	1.700,00 €
Recursos - inmuebles	A4	8,50 €	30	255,00 €

EXPEDIENTES FÍSICOS (SIN DESPLAZAMIENTO)				
Cambios de uso	B1	8,50 €	100	850,00 €
Alteraciones físicas -expediente	B2	38,39 €	1300	49.907,00 €
1-2 inmuebles	B2	16 €	1200	19.200,00 €
3-10 inmuebles	B2	14,77 €	150	2.215,50 €
11-25 inmuebles	B2	13,67 €	25	341,75 €
26-50 inmuebles	B2	12,16 €	25	304,00 €
Más de 50 inmuebles	B2	4,63 €	10	46,30 €
Recursos de reposición	B3	32,00 €	50	1.600,00 €
EXPEDIENTES FÍSICOS (CON DESPLAZAMIENTO)				
Alteraciones físicas -expediente	C1	60,00 €	1000	60.000,00 €
2-3 inmuebles	C1	20,32 €	750	15.240,00 €
4-10 inmuebles	C1	19,18 €	50	959,00 €
11-25 inmuebles	C1	17,86 €	30	535,80 €
26-50 inmuebles	C1	17,24 €	15	258,60 €
Más de 50 inmuebles	C1	4,63 €	10	46,30 €
Piscinas	C2	25,00 €	50	1.250,00 €





TRABAJOS ESPECÍFICOS				
Errores básicos de cruce/solapes	D1	5,00 €	50	250,00 €
Errores complejos de cruce/solapes	D2	12,00 €	50	600,00 €
Obtención de cartografía continua con alteración	D3.1	33,15 €	30	994,50 €
Obtención de cartografía continua sin alteración	D3.2	16,70 €	25	417,50 €
Comunicaciones	D4	10,00 €	100	1.000,00 €
Depuración de callejeros con relación de inmuebles	D9.1	0,95 €	500	475,00 €
Depuración de callejeros sin relación de inmuebles	D9.2	1,70 €	150	255,00 €
Atención al público	E1.1	27,00 €	500	13.500,00 €

Debe poñer:

*“O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no actual exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas na por resolución da Subsecretaría de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas a IVE, ascende a un total del 179.951,25, segundo o seguinte desglose:*

EXPEDIENTES JURÍDICOS	TARIFA	PRECIO	INMUEBLES ESTIMADOS	PRECIO TOTAL
Inmueble alterado	A1	8,50 €	350	2.975,00 €
Sin alteración	A2	4,50 €	300	1.350,00 €
Subsanaciones -expedientes	A3	12,75 €	200	2.550,00 €
Subsanaciones - Inmuebles	A3	8,50 €	100	850,00 €
Recursos - expedientes	A4	17,00 €	100	1.700,00 €
Recursos - inmuebles	A4	8,50 €	30	255,00 €
EXPEDIENTES FÍSICOS (SIN DESPLAZAMIENTO)				
Cambios de uso	B1	8,50 €	100	850,00 €
Alteraciones físicas -expediente	B2	38,39 €	1300	49.907,00 €
1-2 inmuebles	B2	16 €	1200	19.200,00 €
3-10 inmuebles	B2	14,77 €	150	2.215,50 €
11-25 inmuebles	B2	13,67 €	25	341,75 €
26-50 inmuebles	B2	13,16 €	25	329,00 €
Más de 50 inmuebles	B2	4,63 €	10	46,30 €
Recursos de reposición	B3	32,00 €	50	1.600,00 €



EXPEDIENTES FÍSICOS (CON DESPLAZAMIENTO)				
Alteraciones físicas -expediente	C1	60,00 €	1000	60.000,00 €
2-3 inmuebles	C1	20,32 €	750	15.240,00 €
4-10 inmuebles	C1	19,18 €	50	959,00 €
11-25 inmuebles	C1	17,86 €	30	535,80 €
26-50 inmuebles	C1	17,24 €	15	258,60 €
Más de 50 inmuebles	C1	4,63 €	10	46,30 €
Piscinas	C2	25,00 €	50	1.250,00 €
TRABAJOS ESPECÍFICOS				
Errores básicos de cruce/solapes	D1	5,00 €	50	250,00 €
Errores complejos de cruce/solapes	D2	12,00 €	50	600,00 €
Obtención de cartografía continua con alteración	D3.1	33,15 €	30	994,50 €
Obtención de cartografía continua sin alteración	D3.2	16,70 €	25	417,50 €
Comunicaciones	D4	10,00 €	100	1.000,00 €
Depuración de callejeros con relación de inmuebles	D9.1	0,95 €	500	475,00 €
Depuración de callejeros sin relación de inmuebles	D9.2	1,70 €	150	255,00 €
Atención al público	E1.1	27,00 €	500	13.500,00 €

No apartado primeiro da parte dispositiva onde pon:

*PRIMEIRO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A (SEGIPSA) a realización dos seguintes traballos catastrais obxecto do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro:*

EXPEDIENTES JURÍDICOS	TARIFA	PRECIO	INMUEBLES ESTIMADOS	PRECIO TOTAL
Inmueble alterado	A1	8,50 €	350	2.975,00 €
Sin alteración	A2	4,00 €	300	1.200,00 €
Subsanaciones -expedientes	A3	12,75 €	200	2.550,00 €
Subsanaciones - Inmuebles	A3	8,50 €	100	850,00 €
Recursos - expedientes	A4	17,00 €	100	1.700,00 €
Recursos - inmuebles	A4	8,50 €	30	255,00 €



<b>EXPEDIENTES FÍSICOS (SIN DESPLAZAMIENTO)</b>				
Cambios de uso	B1	8,50 €	100	850,00 €
Alteraciones físicas -expediente	B2	38,39 €	1300	49.907,00 €
1-2 inmuebles	B2	16 €	1200	19.200,00 €
3-10 inmuebles	B2	14,77 €	150	2.215,50 €
11-25 inmuebles	B2	13,67 €	25	341,75 €
26-50 inmuebles	B2	12,16 €	25	304,00 €
Más de 50 inmuebles	B2	4,63 €	10	46,30 €
Recursos de reposición	B3	32,00 €	50	1.600,00 €
<b>EXPEDIENTES FÍSICOS (CON DESPLAZAMIENTO)</b>				
Alteraciones físicas -expediente	C1	60,00 €	1000	60.000,00 €
2-3 inmuebles	C1	20,32 €	750	15.240,00 €
4-10 inmuebles	C1	19,18 €	50	959,00 €
11-25 inmuebles	C1	17,86 €	30	535,80 €
26-50 inmuebles	C1	17,24 €	15	258,60 €
Más de 50 inmuebles	C1	4,63 €	10	46,30 €
Piscinas	C2	25,00 €	50	1.250,00 €
<b>TRABAJOS ESPECÍFICOS</b>				
Errores básicos de cruce/solapes	D1	5,00 €	50	250,00 €
Errores complejos de cruce/solapes	D2	12,00 €	50	600,00 €
Obtención de cartografía continua con alteración	D3.1	33,15 €	30	994,50 €
Obtención de cartografía continua sin alteración	D3.2	16,70 €	25	417,50 €
Comunicaciones	D4	10,00 €	100	1.000,00 €
Depuración de callejeros con relación de inmuebles	D9.1	0,95 €	500	475,00 €
Depuración de callejeros sin relación de inmuebles	D9.2	1,70 €	150	255,00 €
Atención al público	E1.1	27,00 €	500	13.500,00 €

*O custo global máximo estimado que correspondera soportar a esta Deputación –ORAL no actual exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas por resolución da Subsecretaría de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas ao IVE, ascende a un total de 179.776,25 €, segundo o desglose sinalado.*

*Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmóbeis a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente ao mencionado Convenio de colaboración en materia de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula décimo quinta.*



Debe poñer:

*PRIMEIRO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A (SEGIPSA) a realización dos seguintes traballos catastrais obxecto do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro:*

EXPEDIENTES JURÍDICOS	TARIFA	PRECIO	INMUEBLES ESTIMADOS	PRECIO TOTAL
Inmuelle alterado	A1	8,50 €	350	2.975,00 €
Sin alteración	A2	4,50 €	300	1.350,00 €
Subsanaciones -expedientes	A3	12,75 €	200	2.550,00 €
Subsanaciones - Inmuebles	A3	8,50 €	100	850,00 €
Recursos - expedientes	A4	17,00 €	100	1.700,00 €
Recursos - inmuebles	A4	8,50 €	30	255,00 €
<b>EXPEDIENTES FÍSICOS (SIN DESPLAZAMIENTO)</b>				
Cambios de uso	B1	8,50 €	100	850,00 €
Alteraciones físicas -expediente	B2	38,39 €	1300	49.907,00 €
1-2 inmuebles	B2	16 €	1200	19.200,00 €
3-10 inmuebles	B2	14,77 €	150	2.215,50 €
11-25 inmuebles	B2	13,67 €	25	341,75 €
26-50 inmuebles	B2	13,16 €	25	329,00 €
Más de 50 inmuebles	B2	4,63 €	10	46,30 €
Recursos de reposición	B3	32,00 €	50	1.600,00 €
<b>EXPEDIENTES FÍSICOS (CON DESPLAZAMIENTO)</b>				
Alteraciones físicas -expediente	C1	60,00 €	1000	60.000,00 €
2-3 inmuebles	C1	20,32 €	750	15.240,00 €
4-10 inmuebles	C1	19,18 €	50	959,00 €
11-25 inmuebles	C1	17,86 €	30	535,80 €
26-50 inmuebles	C1	17,24 €	15	258,60 €
Más de 50 inmuebles	C1	4,63 €	10	46,30 €
Piscinas	C2	25,00 €	50	1.250,00 €



TRABAJOS ESPECÍFICOS				
Errores básicos de cruce/solapes	D1	5,00 €	50	250,00 €
Errores complejos de cruce/solapes	D2	12,00 €	50	600,00 €
Obtención de cartografía continua con alteración	D3.1	33,15 €	30	994,50 €
Obtención de cartografía continua sin alteración	D3.2	16,70 €	25	417,50 €
Comunicaciones	D4	10,00 €	100	1.000,00 €
Depuración de callejeros con relación de inmuebles	D9.1	0,95 €	500	475,00 €
Depuración de callejeros sin relación de inmuebles	D9.2	1,70 €	150	255,00 €
Atención al público	E1.1	27,00 €	500	13.500,00 €

*O custo global máximo estimado que correspondera soportar a esta Deputación –ORAL no actual exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas por resolución da Subsecretaría de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas ao IVE, ascende a un total de 179.951,25 €, segundo o desglose sinalado.*

*Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente ao mencionado Convenio de colaboración en materia de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula décimo quinta.*

No apartado terceiro da parte dispositiva onde pon:

*TERCEIRO: O gasto que comportaría o pagamento destes traballos (179.776,25 euros) pódese realizar con cargo á aplicación 22/932.9320.22707 (traballos catastrais).*

Debe poñer:

*TERCEIRO: O gasto que comportaría o pagamento destes traballos (179.951,25 euros) pódese realizar con cargo á aplicación 22/932.9320.22707 (traballos catastrais).*

37.31488.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

38. 31489.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte sete minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

